

*A Xosé Lois Vilar e Rosana Estévez,
fartos de tirar fotos no Arquivo Militar
do Ferrol*

*Os de Priegue en Canido. A causa 646/36.
Da resistencia como ilusión á represión como sistema*

CARLOS MÉIXOME QUINTEIRO

O 24 de xuño de 1936 *El Pueblo Gallego* insería na súa primeira páxina dúas fotos de Pacheco e un breve no que relataba o multitudinario mitin a prol do Estatuto de Autonomía que no largo das Angustias, en Nigrán, tivera lugar o domingo anterior. Sabemos por informacións orais recollidas por Xoán A. González Pérez¹ que naquel importante acto tomaran a palabra: o mestre Vázquez Grela; os irmáns Luís e Pepe de Inés, os Ineses, e os tamén irmáns Villafines, José e Agustín. Todos eles importantes dirixentes sociais no Miñor republicano que pagarían coa súa vida (Vázquez Grela e os Ineses) ou con anos de cárcere (os irmáns Villafines) polos seus ideais autonomistas, republicanos e democráticos.

A ben seguro que moitos dos veciños de Priegue dos que imos falar neste traballo estaban nas Angustias aquel día.

Menos dun mes despois, o domingo 19 de xullo de 1936, o mesmo *EL Pueblo Gallego* afirmaba na portada que non sería declarado o estado de guerra.

Infelizmente non foi así. Ese mesmo día nun cuartel da cidade de Vigo estíbese a imprimir o Bando de Guerra e a media mañá do día seguinte o Capitán Carreró, cumprindo as ordes do comandante militar de Vigo, Felipe Sánchez, fixaba o primeiro bando na fachada da Comandancia da Garda Civil, na rúa Urzaiz, logo lería o bando no cruce das rúas Colón e Uruguai. As tropas continuaron o seu percorrido e Carreró leu por terceira vez o bando na



Agro de Galicia:
O Estatuto fara
d-unha terra em-
pobrecida unha te-
rra farturenta.

EL PUEBLO

EGO

SE INICIO UN LEVANTAMIENTO EN MELILLA Y CEUTA

No será declarado el estado de guerra

El Gobierno considera facciosa toda tentativa en tal sentido. Donde se produzca, se declarará la huelga general

111. A partir de mayo y durante los meses de verano, el gobierno de la provincia de Santa Fe, a través de la Dirección General de Turismo, organiza una serie de actividades para promover el turismo en la zona. Estas actividades consisten en la realización de excursiones, paseos, y visitas a los sitios de interés turístico. Las excursiones se realizan los días martes, jueves y sábados, y los paseos los días lunes, miércoles y viernes. Las visitas a los sitios de interés turístico se realizan los días martes, jueves y sábados.

Porta do Sol. Alí a multitude arrepiúxose e as tropas dispararon: máis de corenta feridos e entre 12 e 14 cadáveres. A resistencia preparouse precipitadamente e sen medios. O 21 e 22 de xullo as organizacións obreiras e labregas e os partidos democráticos procuraron armas para facer fronte aos sublevados. Neste ambiente é no que se producen os acontecementos que centran a nosa atención. Ao longo do 22 de xullo un numeroso grupo de veciños de Priegue procurou armas onde as había, nas casas das xentes acomodadas, neste caso nos chalés dos conserveiros de Canido. Era a ilusión da resistencia que durou, no Val Miñor, ata o día 24. Despois viría a represión como sistema.

O INICIO DA CAUSA

O 13 de agosto de 1936, o Cabo da Garda Civil e comandante do posto de Gondomar, Florencio Márquez Parra, recibiu información de que unha persoa estraña andaba polos arredores da vila. Na compañía dos gardas segundos Claudio Martínez González e José Vázquez Teijeiro foi na súa procura, atopándoa e deténdoa, no barrio de Abelar. Tratábase de Manuel Misa Aballe².

Sabían ben por que andaba agochado e ao interrogalo fixérono directamente sobre as súa actividade nos días do “movemento militar”. O detido informa que o 22 ou o 23 de xullo, non lembraba ben, estando no lugar das Chans, en Priegue, achegouse un camión guiado por un tal Victorino no que viaxaban unhas trinta persoas que o convidaron a subir, cousa que fixo ao ver que algúns levaban escopetas. Dixéronlle que ían a Canido. Cando chegaron, sobre as seis da tarde, a metade do grupo entrou na fábrica de Cerqueira, mentres que a el encargáronlle vixiar na beira da estrada. Da fábrica sacaron unha partida de caixas de conserva e el achegou unha ata o vehículo. Neste labor tardaron sobre unhas dúas horas e logo o camión seguiu ate o apeadeiro de Canido. Alí, ao escoitar que viñan forzas do exército abandonou, xunto con outras persoas, o camión que seguiu en dirección á estrada de Baiona. Despois marchou para a súa casa polo que non sabe que pasou nin co automóbil nin coas caixas de conserva. Declara tamén que entre as persoas que ían no camión recoñeceu a Manuel Salgueiro, José Fernández Fernández³, Antonio Misa Rodríguez, Benigno Benavides, Máximino, alcuñado “O Sapo” e ao seu irmán Francisco, todos eles veciños de Priegue.

As dúas da tarde do mesmo día o detido asinaba a súa declaración, en presenza de Constantino Rodríguez de Lis e Bernardino García Rodríguez, ingresando no depósito municipal de Gondomar a disposición do Delegado de Orde Pública da provincia baixo a acusación de “roubo en cuadrilla” na fábrica de conservas do señor Cerqueira, en Canido, Vigo.

Nove días despois, o 22 de agosto, o comandante militar de Vigo, Felipe Sánchez remite o atestado instruído pola Garda Civil de Gondomar a quen actuará como xuíz instructor da causa, o comandante de infantaría retirado Francisco Arriaga Seoane, que inicia o expediente 646/36. O comandante militar de Vigo infórma-lle que o detido está ingresado no cárcere de Vigo. O instructor nomea secretario da causa ao tenente de infantaría retirado Antonio Fidalgo Menús e ao día seguinte ordena a busca, captura e condución ao cárcere de Vigo das persoas citadas por

Manuel Misa Aballe baixo a mesma acusación de “roubo en cuadrilla”. A requisitoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia, concedéndolle un prazo de 48 horas para que se entreguen.

O CHOFER


O 26 de agosto o instructor recibe un oficio da xefatura da prisión de Vigo que lle comunica que nesa data ingresou no cárcere Francisco Misa Aballe, quedando a súa disposición. O mesmo día comparece o chofer da camioneta Victorino Fernández Macaya, quen indica que tendo coñecemento polos diarios locais de que se

lle requiría no xulgado preséntase dentro dos prazos indicados. Declara que na mañá do 22 de xullo, a iso das dez, cando estaba a traballar na súa bodega, presentáronse uns catorce ou quince individuos armados, a maioría deles con escopetas, outros con pistolas e un cunha bomba de man. De todos eles coñecía aos que dirixían o grupo: José Puentes, Benigno Benavides e Maximino “O Sapo”, veciños de Priegue. Que o Puentes púxolle unha pistola no peito e díxolle que tiña que ir con eles e levar a camioneta⁵ e que senón pasaríao mal; ao tempo, o Benavides, que era o que tiña a bomba coa mecha posta, ameazouno con voarlle a casa. Ante aquelas ameazas non lle quedou máis remedio que obedecer e levounos na camioneta ata o Sindicato de San Pedro da Ramallosa onde recolleron máis xente armada, logo á estación de Panxón, onde se sumou máis xente, tamén con armas. Regresaron de novo a Priegue onde aínda subiu máis xente con armas ata completar a capacidade da camioneta.

Sobre as cinco da tarde chegaron ao lugar do Xuncal, sobre a estrada de San Miguel de Oia. Alí baixaron todos menos José Puentes, Maximino “O Sapo” e outros tres ou catro que non coñecía que quedaron vixiándoo porque, segundo a súa opinión, non se fiaban del. Os outros seguiron pola estrada cara a Canido. Ao cabo dunha hora aproximadamente recibiron aviso por un neno para que fosen co coche ata as casas e así o fixeron. Ao chegar á estación do ferrocarril viu doce caixas de conservas e un bidón de gasolina que os “escopeteiros” cargaron na camioneta.

Regresaron a Priegue, onde chegaron sobre as nove da noite. Alí ordenáronlle que metese a camioneta nun camiño de carros, a uns cincuenta metros da estrada, e marchou para a súa casa. Sobre as doce da noite foi onda o camiión que xa estaba baleiro e sen ninguén que o gardase polo que o meteu na propiedade do seu veciño Antonio Alonso, sacoulle o “delco” para que non o puidesen utilizar e marchou para a casa dos seus sogros na parroquia de Couso, no concello de Gondomar, para que non desen con el os que o ameazaran.

Salgueiro, Manuel; Fernández y Fernández, José; Misa Rodríguez, Antonio; Benavides, Benigno; Maximino, alias “Sapo”; Misa Aballe, Francisco, y un tal Victorino, chofer, vecinos todos de Priegue, y cuyas demás circunstancias personales se ignoran se presentarán en Vigo, Sala de Audiencia del Palacio de Justicia, dentro del plazo de cuarenta y ocho horas, contado a partir de la publicación de la presente en el Boletín Oficial de la provincia, ante el Juez instructor, Comandante de Infantería retirado, don Francisco Arriaga Seoane, bajo apercibimiento que de no hacerlo así serán declarados rebeldes.—Vigo, 24 agosto de 1936.—El Comandante Juez instructor, Francisco Arriaga Seoane.



O instrutor acorda solicitar informes á Comandancia do Posto da Garda Civil de Baiona, ao presidente da Comisión Xestora do concello de Nigrán e ao Cura Párroco de Priegue sobre a conduta de Victorino Fernández, mais esta petición era innecesaria xa que o declarante levaba consigo os informes solicitados, como se pode deducir tanto da data no que están asinados como do estilo dos mesmos.

O día anterior, 25 de agosto, o Comandante Militar de Baiona Ramón Blanco Linares, asinara un escrito no que se explicita que non aparecían indicios de culpabilidade contra Victorino Fernández Macaya e que, segundo opinións particulares reco-llidas polo propio comandante militar, o detido non militaba en partidos de

esquerda e sempre observou boa conduta. Eximente é tamén o certificado manuscrito do presidente da comisión xestora do concello de Nigrán, Joaquín Fontán Ozores, asinado a 26 de agosto a “petición del interesado” e non en resposta ao oficio do instrutor, que incorpora, unha curiosa e breve absolución do poderosísimo comandante do posto da Garda Civil de Baiona, o cabo Manuel González Pena que ditamina: “No consta nada en contrario”. Favorable é tamén o certificado expedido polo párroco de Priegue, Marcial Álvarez Durán, no que tamén se indica que o chofer pertencera a un partido de dereitas.

Os informes favorables das novas autoridades convenceron ao instrutor de que Victorino se vira forzado a participar nos feitos por ter unha camioneta que os que pretendían resistir ao golpe militar necesitaban. De resultados dos mesmos o propietario da camioneta non foi encartado.

MÁIS DETIDOS

O mesmo día no que o condutor presta declaración, o instrutor envía un oficio ao Gobernador Civil solicitando a busca e captura de José Puentes, citándoo ademais por medio de requisitoria baixo o apercibimento de declaralo “rebelde”. Dous días despois publicase na prensa. O 31 de agosto será declarado en rebeldía.

Francisco Misa Aballe, irmán de Manuel, figuraba no primeiro dos requirimentos xudiciais desta causa e, segundo a súa declaración, o 26 de agosto soubo polos periódicos locais que se reclamaba a súa presenza no xulgado e xa que estaba en Panxón cando o soubo, achegouse á parella de carabineiros e pregun-

toulles polo tal requirimento. Os carabineiros detivérono e trasladárono ao cárcere de Vigo.

Dous días despois presta declaración. O secretario anota que nunca estivo procesado, que sabe ler e escribir e descríbese como de estatura máis ben baixa, delgado, pelo e ollos castaños, cor citrina, cunha cicatriz circular bastante pronunciada no lado esquerdo da fronte, viste un traxe de mahón e calza botas.

Francisco Misa Aballe di que descoñece o motivo tanto da detención como da requisitoria. Relata que sobre as dúas da tarde do 22 de xullo varios individuos que viaxaban nunha camioneta conducida polo Victorino, algúns deles armados, obrigárono a subir e seguiron camiño de San Miguel de Oia. Ao chegar alí baixaron da camioneta, momento que aproveitou para marcharse por medio dos milleirais e regresar a Priegue. Di tamén que non se decatou se na camioneta ía seu irmán Manuel, aínda que, ao pórse o sol, cando o vehículo regresou a Priegue, observou que nel viña o seu irmán.

Quen xa levaba días no cárcere de Vigo era Antonio Misa Rodríguez, en concreto dende o 11 de agosto cando fora detido polo Brigada e tres carabineiros do posto de Panxón. Polo tanto prendéranos dous días antes que a Manuel Misa Aballe, detención que desencadeara o inicio da causa.

O 29 de agosto o instrutor e o secretario trasládanse ao cárcere de Vigo para tomarlle declaración a este mozo de 18 anos que declara que o 22 de xullo, sobre as catro da tarde varios homes de Priegue convidárono a subir á camioneta, na que non viu xente armada, e que ao chegar ao Xuncal, en San Miguel de Oia, esta detívose e el e outro veciño de Priegue chamado Paco⁷ regresaron ao seu lugar chegando cando xa case era de noite.

O instrutor aproveita a súa visita ao cárcere para tomarlle de novo declaración a Manuel Misa Aballe que se ratifica na declaración anterior e non dá máis nomes. Tamén declara que descoñece se o seu irmán Francisco e Antonio Misa Rodríguez abandonaron a camioneta no Xuncal, pero que despois dese momento non os volveu ver.

O oito de setembro o xuíz-comandante resolve procesar aos declarados rebeldes e aos tres detidos que van seguir presos xa que o instrutor considera que a natureza dos feitos non permitía a liberdade provisional. Pola contra non decide procesar ao chofer Víctorino Fernández Macaya xa que considera que tanto polas súas declaracións como polos informes achegados foi coaccionado, sobre todo por José Puentes, a quen o instrutor identifica como o que capitaneaba o grupo.

uzgados militares

REQUISITORIA

PUENTES JOSE, vecino de Priegue, Ayuntamiento de Nigrán, cuyas demás circunstancias personales se desconocen, se presentará ante este Juzgado, sito en la Sala de Audiencia del Palacio de Justicia, de esta Ciudad, dentro del término de cuarenta y ocho horas siguientes a la publicación de esta requisitoria en el BOLETIN OFICIAL de la Provincia, bajo apercibimiento de que no hacerlo así, será declarado en rebeldía en causa que instruyo por el supuesto delito de robo en cuadrilla.

Vigo, 28 de Agosto de 1936.

El Comandante Juez Instructor,
FRANCISCO ARRIAGA SEOANE

FALAN OS CONSERVEIROS

O 13 de setembro o xulgado constitúese na fábrica de don Antonio Cerqueira Domínguez, en Canido, para tomarlle declaración a este conserveiro que informa que o 22 de xullo, sobre as catro da tarde, estando na súa casa, contigua á fábrica, acompañado da súa familia, chegou un numeroso grupo de persoas armadas con escopetas que bateron na porta e expresáronlle o desexo de rexistrar a casa por se había armas. Achegounos ata o seu despacho onde puideron comprobar que non as había e seguiron o rexistro na planta superior, incluso no cuarto da criada, onde o fixeron con máis intensidade. Ao comprobar que non había armas na vivenda dispuxéronse a rexistrar a fábrica, a onde os acompañou o seu fillo Antonio.

Informa tamén que só catro, das aproximadamente corenta persoas, practicaron estes rexistros, entre as que recoñeceu a José Rodríguez “Bagullo”, a Eloy Pereira e a outro chamado “Ligero”, veciños os tres de San Miguel de Oia, aos que coñecía como comunistas, pero que ao que os capitaneaba e portaba unha pistola coa que o estivo apuntando durante todo o rexistro, nin o coñecía nin sabe como se chama. De José Rodríguez “O Bagullo” e o chamado “Ligero” escoitou que fuxiran a Portugal e que o Eloy Pereira falecera. Dos que quedaron fóra, armados con escopetas de caza dun ou dous canóns, só recoñeceu a un tal Rogelio, do que non sabía o apelido pero si que traballaba de carpinteiro no taller de Marcial Lago, na veciña praia de Coruxo, e que segundo tiña escoitado, está detido no cárcere de Vigo.

En parte estaba ben informado o conserveiro de Canido. Efectivamente Eloy Pereira Fernández, de 28 anos, empregado da empresa de Tranvías de Vigo - A Ramallosa, apareceu morto con grandes hemorraxias internas, nun monte preto de Cabo Silleiro, no concello de Baiona. No Rexistro Civil deste concello establécese a data da morte o 31 de agosto sobre as catro da mañá, aínda que a data de inscrición é do 2 de setembro. Eloy Pereira ten a triste honra de ser o primeiro asasinado inscrito no rexistro de Baiona. O cadáver de Eloy Pereira apareceu xunto ao do seu veciño de San Miguel de Oia Albino Pedreira Puentes, fillo de Celestino Pedreira Sanromán e Adelina Puentes Alonso; tiña 25 anos, estaba solteiro e era xornaleiro.

Pola contra non estaba ben informado sobre o “Bagullo” e o “Ligero” xa que parece que non estaban en Portugal, cando menos o segundo, aínda que si fuxidos.


Antonio Cerqueira informa tamén que uns tres cuartos de hora despois uns cantos individuos, entre os que non se atopaba ningún dos citados, presentáronse na fábrica e pedíronlle que por favor lles dese unhas latas de sardiñas para eles e para os seus compañeiros porque tiñan moita fame e que, para non complicar máis as cousas, deulles unhas catro ou cinco caixas de conservas. Así pois segundo o Sr. Cerqueira na súa fábrica non se cometera ningún roubo xa que as caixas foron entregadas voluntariamente. Aclara que nese intervalo de tres cuartos de hora, rexistraron ás fábricas de Guillermo Curbera Fillos e de Floro González, situadas na mesma praia, a escasa distancia da súa.

De seguido prestou declaración o conserveiro Guillermo Curbera Solleiro, socio de Guillermo Curbera Fillos Limitada, quen di que entre as catro e as cinco da tarde do 22 de xullo chamaron á porta da súa casa. Ao asomarse á galería da primeira planta, onde estaba coa súa familia, observou un numeroso grupo armado con escopetas que lle dixeron que querían rexistrar a casa para ver se había armas. Convidounos a subir

e así o fixeron catro homes mentres os demais agardaban fóra. Tres dos que subiron ían armados con pistolas e o cuarto cunha escopeta. Acompañounos durante o rexistro abrindo armarios, mesas etc., e cando se convenceron de que non había armas e sen rexistrar a fábrica pedíronlle que lles dese unhas caixas de latas de conserva porque tiñan fame e entregoulles dúas. Nese momento os que practicaban o rexistro limitáronse a comentar que o que tiña debíalle aos obreiros ao que el simplemente lles contestou que non era o momento de discutir esa cuestión.

Dos que entraron na súa casa a practicar o rexistro, sen ameazas para el nin para a súa familia, non coñecía a ninguén aínda que lle dixeron que eran veciños de Nigrán e de Baiona. Entre os que quedaron fóra recoñeceu a José Rodríguez “Bagullo” e a outro alcumado “Ligero”.

Logo tomáronlle declaración a Julián González Goberna, fillo de Floro González Sieiro, propietario da fábrica de conservas do mesmo nome. Di que sobre as cinco da tarde, estando na súa casa coa súa familia, escoitaron bater na porta e que como estaba no despacho, na parte baixa e perto da porta, acudiu a abrir e atopouse cun grupo de persoas armadas, sobre quince en total, unhas próximas á porta e outras máis afastadas. Dixéronlle que querían practicar un rexistro na súa casa para recoller as armas que tivese. Respondeulle que non tiña ningunha pero non se conformaron coa resposta e pedíronlle permiso para entrar e practicar o rexistro. Concedéullelo e entraron tres individuos, un deles, José Rodríguez “Bagullo”, e o outro Eloy Pereira, comentáronlle que como eran da parroquia e o coñecían ben preferiron facer eles o rexistro para evitar que o realizaran os de fóra, que eran de Nigrán e sobre todo de Priegue, e puidesen cometer algún atropelo. Ningún deles levaba armas á vista pero a algún outro viuille pistolas. O rexistro realizouse sen ningunha caste de violencia e cando se convenceron de que non había armas rexistraron a fábrica, pegada á casa, na que tampouco as atoparon. Rematados os rexistros dixéronlle que na parroquia, polo paro obreiro, había moita xente necesitada e pedíronlle de favor que lles dese unhas caixas de conserva e entregoulles dúas completas e unha que non estaba chea de todo.



ROGELIO, O CARPINTEIRO DE MARCIAL

O 18 de setembro, no cárcere de Vigo, o instrutor toma declaración ao tal Rogelio que citara o conserveiro Antonio Cerqueira. Tratábase de Rogelio Álvarez Rodríguez que traballaba no taller de carpintería de Marcial Lago en Coruxo.

Relata que foi detido polo Brigada de carabineiros de Panxón o 12 de agosto por ir nunha camioneta con outra xente e practicar rexistros en fábricas e outros sitios da praia de Canido. Conta tamén que entre as dúas e media e as tres da tarde daquel día, estaba na beira da estrada que leva de Priegue a Vigo, mesmo á altura da súa casa, e que cando ía cruzar detívose unha camioneta onde ía moita xente sen armas, ou polo menos el non llelas viu. Obrigárono a subir baixo ameazas de partirlle os fociños senón o facía. Atemorizado, obedeceu. Dos que ían no automóbil só recoñeceu a Ángel González, Marcial Cabral e José Misa Rodríguez, os tres veciños da súa parroquia de Priegue.

Aos poucos minutos, continua o seu relato, apartaron polo ramal que conduce a Canido, atravesando a vía férrea, perto da estación de Coruxo, deténdose a pouco metros das primeiras casas; alí baixaron todos mentres a camioneta conducida polo Victorino Fernández marchou non sabe cara a onde. Unha parte da xente marchou cara á praia de Canido e outra quedouse onde se detivo a camioneta, el entre estes últimos. Aos poucos, os que estaban neste grupo comezaron a marchar e cando pasou sobre unha hora el tamén o fixo continuando cara á praia collendo por outro ramal para dirixirse á estrada Vigo-Priegue camiño da súa casa e que por este motivo pasou por diante da fábrica do Sr. Cerqueira, pero non se detivo nela e non sabe nada máis.

Ante as contradicións existentes entre a declaración do conserveiro Cerqueira e a de Rogelio Álvarez o instrutor ordena un careo entre ambos que ten lugar o 14 de outubro. No mesmo, Antonio Cerqueira e Rogelio Álvarez ratifícanse nas declaracións anteriores. O instrutor faille notar a contradición entre que o Sr. Cerqueira identificara a Rogelio Álvarez como un dos que estaban armados con escopeta e quedaron fóra da casa mentres outros practicaban o rexistro e que Rogelio Álvarez declare que pasou por diante da fábrica de Cerqueira pero que non se detivo. O conserveiro indica que no mesmo día foron rexistrados os chalés de Ángel Núñez, do médico Sr. Nóvoa e do Sr. Crespo Monjardín e que todos lle dixeran que entre o persoal armado estaba Rogelio Álvarez Rodríguez, aínda que non o citaron polo seu nome, senón como “o carpinteiro de Marcial”.

O 22 de outubro de 1936 presta declaración Rafael Álvarez Novoa, casado, maior de idade, médico e veciño de Vigo, quen di que un día do mes de xullo, que ben puido ser o 22, o chalé de Canido onde estaba a pasar o verán foi obxecto dun rexistro por parte dun grupo de homes, non inferior a seis, e que algún deles ía armado con pistola. Despois de franquearlle a porta rexistraron a casa sen violencia e ao non atopar armas marcharon para unirse a outro numeroso grupo que estaba fóra, entre os que só viu armados con escopetas a dous xa que a falta de visibilidade impedíalle ver cantos o podían estar. De todos eles non coñece polo seu nome a ninguén e tampouco lembra ter visto a ningún dos carpinteiros de Marcial Lago, aos que coñece de vista, pero que debe facer constar que ao mesmo tempo que era rexistrado o seu chalé tamén o eran outros próximos por distintos grupos.

O 26 de outubro declara Ángel Núñez García, casado, industrial e veciño de Vigo, quen declara que nunha data do pasado xullo que non pode precisar, entraron, no xardín da súa propiedade, na praia de Canido onde pasaba o verán, tres individuos, un deles armado con pistola. Preguntáronlle se tiña armas,

respondeulle que non e como se fiaron da súa palabra marcharon despois de pedirlle desculpas polo que andaban a facer. Que os tres individuos dos que fala, aos que non coñece polo nome, destacáronse dun grupo máis numeroso, duns vinte, armados con escopetas. Di tamén que coñece aos carpinteiros de Marcial Lago, un deles chamado Ángel e do outro non sabe o seu nome, pero que non pode ser o tal Rogelio polo que se lle pregunta, xa que os dous están na actualidade en liberdade e como non coñece aos demais carpinteiros empregados na de Marcial Lago non pode dicir se o chamado Rogelio estaba no grupo que practicou os rexistros.

O 30 de outubro presta declaración Santiago Crespo Monjardín, casado, axente de seguros e veciño de Vigo. Segundo el, ao regresar da praia cara ao seu chalé, a súa esposa contoulle que un grupo de catro individuos entraran na casa, despois de serlle franqueada a porta, e preguntáronlle se tiñan armas. Ante a resposta negativa da súa muller e despois de realizar un leve rexistro, marcharon non só sen cometer ningún tipo de violencia senón que se desculparon por realizar o rexistro. Di tamén que antes de chegar á casa, pola estrada e polos camiños, observou grupos de obreiros, uns armados con escopetas e outros sen armas visibles. Dun grupo de tres achegóuselle un carpinteiro que traballa no taller de Marcial Lago do que ignora o seu nome quen lle pediu que o desculpase por andar metido nestes asuntos pero que o facía coaccionado e baixo a ameaza dunha malleira. Non lembra se o carpinteiro levaba armas ou non, aínda que supón que non, mentres que os dous que estaban co carpinteiro, aos que non coñece, estaban armados con escopetas. Indica que dende logo recoñecería ao carpinteiro de Marcial si o tivese diante.

Rematada a declaración realizouse unha rolda de recoñecemento para identificar ao acusado. Nas catro veces que se realizou a rolda, Santiago Crespo Monjardín recoñeceu como o carpinteiro de Marcial a Rogelio Álvarez Domínguez.

OS “CANTADOS” POR ROGELIO ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ

Na súa declaración Rogelio Álvarez citou a Ángel González, Marcial Cabral e José Misa Rodríguez como as persoas que coñecía e que ían na camioneta. Os tres atopábanse detidos no cárcere de Vigo e alí acudiu o instructor para tomarlles declaración.

O primeiro en comparecer foi Ángel Rodríguez García, xa procesado con anterioridade por un delito de coaccións contra uns compañeiros con motivo da folga de setembro de 1934 nos buques de pesca da ría de Vigo e polo que fora condenado a un mes de arresto. O preso informa que o 12 de agosto foi detido polo Brigada de carabineiros de Panxón quen lle informou que o facía por ir nunha camioneta e practicar rexistros en Canido. Declara que ese día, entre as dúas e as tres da tarde, cando ía pola estrada de Vigo, xa que tiña que ir a Bouzas, chegou unha camioneta chea de xente, entre a que non viu a ninguén armado, e que lle preguntaron a onde ía, ao dicirlle que a Bouzas convidárono a subir persoas ás que non coñecía, e así o fixo, sentándose ao lado

do chofer. Relata tamén que entre os que ían no automóbil recoñeceu a Rogelio Álvarez, Marcial Cabral, Manuel Misa Rodríguez, José Misa Rodríguez, Francisco Méndez, Manuel Fernández González e José Fernández Pérez, todos detidos polo mesmo motivo, aos que coñece por ser da súa parroquia, o mesmo que Manuel Guisande Soto e un tal Ceferino, que coída se apelida Prado, e pensa que tamén están detidos. Tamén recorda a Maximino “O Sapo” e José Puentes.

Ao ver que o vehículo tomaba cara a Canido, atravesando, en Coruxo, pola vía férrea da Ramallosa, estrañouse e díxolle ao chofer que el non ía para alí senón para Bouzas. Ao escoitar isto o que lle mandara subir díxolle que el de alí non podía marchar, polo que continuou na camioneta ata que se detivo. Baixaron e dividíronse en dous grupos, uns foron cara á praia e outros, el entre eles, quedaron onde se detivera o automóbil. Non lembra aos que se quedaron no seu grupo a non ser a Antonio Misa Rodríguez, na compañía de quen regresou á vía do ferrocarril da Ramallosa e agochándose entre os milleirais continuaron camiño da súa parroquia, quedando antes Antonio xa que el vive noutro lugar. Non sabe nada máis aínda que escoitou dicir que practicaran rexistros en casas de Canido.

O seguinte en declarar foi Marcial Cabral Castro. Levaba preso dende o 12 de agosto, aquela xornada na que os carabineiros de Panxón tanto traballo tiveran. Declara que o día do que se fala ía camiño da súa casa cando en dirección contraria, isto é cara Vigo, achegouse unha camioneta na que viaxaban unhas trinta ou corenta persoas que parecían desarmadas, entre as que recoñeceu a Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Manuel Misa Rodríguez, José Misa Rodríguez, José Fernández Pérez, un tal Ceferino e a Ramón Herrerín, todos veciños de Priegue e tamén detidos. Varios descoñecidos convidárono a subir á camioneta e como lles dixera que non podía que tiña que facer na casa, ameazárono con cortarlle o pescozo, polo que ante tal ameaza subiu ao camiión que seguiu o traxecto xa coñecido. Quedou no grupo que se situou no lugar onde se detivo a camioneta na compañía de José Fernández Pérez e o tal Ceferino. Uns dez minutos despois marchou. Colleu camiño da casa e non soubo máis ata que escoitou dicir que o grupo que fora ata a praia realizara algún rexistro.

O mesmo día que Rogelio, Ángel e Marcial, o 18 de setembro de 1936, prestou declaración José Misa Rodríguez. Fora detido o mesmo día que os seus compañeiros polos carabineiros de Panxón, 12 de agosto, e polo mesmo motivo. Declara que o 22 de xullo foi obrigado a subir ao vehículo por uns descoñecidos que o ameazaron con voarlle a cabeza. Entre os pasaxeiros lembra a Maximino “O Sapo” e a José María Puentes, veciños de Priegue, e que posteriormente foron obrigados a subir: Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Marcial Cabral, os seus dous irmáns Manuel e Antonio, Francisco Méndez, José Fernández Pérez, Manuel Guisande, un tal Ceferino Prado e Ramón Herrerín.

Relata a viaxe como os demais. Forma no grupo que quedou onde se detivo a camioneta e que foron marchando, aos poucos, despois de pasar dous avións por enriba do lugar no que se atopaban. Regresou, pola vía da Ramallosa, para a súa casa e entre os que regresaron con el estaban Manuel Guisande e Manuel Misa, non recordando a ninguén máis.

MÁIS INTERROGATORIOS

O 21 de setembro comeza unha nova rolda de declaracións. O primeiro en testemuñar foi Manuel Misa Rodríguez, irmán dos tamén detidos e encartados Antonio e José. Como a moitos dos seus compañeiros prendérono, o 12 de agosto, os carabineiros de Panxón. Declara que cando ía da súa casa á estrada de Baiona, para mercar tabaco, chegou unha camioneta na que ían Puentes, Maximino “O Sapo”, Benigno Benavides, e Manuel Salgueiro Vilas; o primeiro deles foi quen o obrigou a subir á camioneta non porque o ameazase, senón porque como se levaba mal con el e como era moi camorrista quixo evitar un enfrontamento. Di tamén que na camioneta había xentes con escopetas pero estas non eran de Priegue e tampouco as levaban os citados. Cando arrancou o camión xa estaban nel: Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Marcial Cabral, os seus dous irmáns José e Antonio, Mateo, Manuel Guisande Soto, Ceferino Prado e Ramón Herrerín. Relata a viaxe do mesmo xeito que os anteriores e que ao dividirse o grupo el foi cos que se dirixiron á praia e, en compañía de Ramón Herrerín, pasou por diante das fábricas, tomou polo ramal que volve cara á vía da Ramallosa e regresou á súa casa. Reitera que Puentes, Maximino “O Sapo” e Benavides non portaban armas aínda que si algúns daquel grupo e di que non soubo máis do asunto ata que tivo coñecemento de que fixeran algúns rexistros en Canido.

Foi logo a quenda de Francisco Méndez González quen relata que ao regresar do mar, coida que o 25 de setembro, o armador do barco onde navegaba díxolle que se presentase no posto da Garda Civil de Bouzas. Así o fixo e detivérono por ter participado nos rexistros en Canido. Conta que o 22 de xullo, sobre as doce da mañá, cando estaba a traballar nun milleiral, achegouse Maximino “O Sapo” quen lle dixo que pola tarde tiña que baixar ao lugar das Chans, na estrada de Priegue, pero que non lle dixo o motivo, engadindo que se non ía viriano buscar. Sobre as tres ou catro da tarde achegouse ao lugar indicado e atopouse cun camión cheo de xente, parte da mesma armada con escopetas de caza, e obrigárono a subir. Entre os que alí estaban lembra a José María Puentes, Maximino “O Sapo”, Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Marcial Cabral, Manuel Misa Rodríguez, Ceferino Prado. Describe a viaxe como xa coñecemos e que el quedou no grupo, duns dez ou doce, que quedaron no sitio no que se detivo a camioneta entre os que recorda a Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Marcial Cabral, José Fernández Pérez e Ceferino Prado. Despois duns minutos meteuse nuns campos de millo nos que se agochou ata chegar á estrada de Priegue, cruzouna e por camiños e atallos regresou á súa casa. Ao día seguinte foi a Bouzas para xestionar o embarque e facerse ao mar.

A continuación declarou Manuel Fernández González, detido o 12 de agosto polos carabineiros de Panxón, informa que na tarde do 22 de xullo cando ía dende a súa casa a Canido para falar co armador Fernando Durán, pois quería embarcar nun dos seus barcos de pesca que se dedican á sardiña, alcanzouno unha camioneta chea de xente que se detivo á súa altura. Un dos ocupantes preguntoulle a onde ía e ao dicirlle que a Canido convidouno a subir. Declara que entre as persoas que ían na camioneta estaban os irmáns Misa Rodríguez, Manuel Guisande Soto, Maximino “O Sapo” e José Puentes e que non levaban armas. Ao deterse a camioneta

dirixiuse cara a praia, entrou na casa de Francisco Durán co que estivo de conversa ata ás oito da tarde.

A declaración de Manuel Fernández González foi ratificada por Francisco Durán o cinco de outubro. Este armador, veciño de San Miguel de Oia, di que, efectivamente, a iso das catro da tarde do 22 de xullo chegou a súa casa, que está á beira da fábrica do señor Cerqueira, o detido, quen lle dixo que o obrigaran a subir a unha camioneta que viña facer rexistros a Canido pero que se separara do grupo pois non quería acompañalos. Pediulle que lle deixase agocharse na súa casa pois viña falarlle de si podería embarcar. Acolleuno na casa e estiveron a falar ata as oito da tarde cando xa os grupos que viñeran facer os rexistros marcharan. Declara tamén que o detido non lle dixo se as xentes ían armadas ou non e que, dende logo, el non ía armado.

Despois prestou declaración José Fernández Pérez, tamén detido o 12 de agosto polos carabineiros de Panxón, relata que cando se dirixía a Panxón a mercar peixe foi detido por varias persoas que viñan nunha camioneta da parte de Baiona, dos que uns oito ou dez levaban escopetas, e dixerónlle que subise ao vehículo. Entre os ocupantes estaba Maximino “O Sapo” que fora xa en varias ocasións ata a súa casa a ameazalo, polo que subiu ao automóbil no que ían tamén Benavides, Puentes, Francisco Méndez, Manuel Fernández González, Marcial Cabral, Julio Román e outros. Este último está detido e todos os citados eran veciños de Priegue e que aos que levaban escopetas non os coñecía, polo que supón que serían doutras parroquias. Ao deterse a camioneta dirixiuse cara á praia pero, antes de chegar a ela, volveu sobre os seus pasos e pola mesma estrada pola que viñeran regresou á súa casa.

DECLARACIÓN DE MANUEL GUISANDE SOTO

As dilixencias retomáronse o primeiro de outubro coa declaración de Manuel Isidoro Guisande Soto, detido o once de agosto polos carabineiros de Panxón, quen declara que o 22 de xullo, sobre as tres da tarde, subiu a unha camioneta xa que Maximino “O Sapo” e outras xentes con escopeta que non coñecía ordenáronllo nun ton tan imperativo que temeu que lle fixeran algo. Entre os que ían no camiión estaban os irmáns Antonio e José Misa Rodríguez, Manuel Fernández González, Rogelio Álvarez Durán, Ángel González García, Francisco Méndez, Manuel Misa Rodríguez, José María Puentes, Avelino Rial e outros. Rematada a viaxe quedou co grupo que non foi á praia con José Misa e Rogelio Álvarez cos que estivo a falar un pouco e despois dirixiuse ata a praia onde estaba o grupo ao que se sumaran outros que non viñan na camioneta, algúns armados. Non se achegou ata eles senón que se detivo a falar con Basilio Durán e Ricardo Grove, patróns de pesca e residentes en Canido, aos que atopou ao pasar pola estrada que vai por diante das fábricas e pola que logo seguiu para regresar a súa casa.

A declaración de Manuel Guisande Soto foi ratificada, o cinco de outubro, polo patrón de pesca Basilio Durán González pero non polo desmemoriado Ricardo Iglesias Otero “O Grove”. O primeiro, veciño de Canido, declara que aquel día, a primeiras horas da tarde, mentres un grupo bastante numeroso de persoas armadas

se dedicaban a practicar rexistros nas fábricas de conserva que hai na praia de Canido, o paisano Manuel Guisande Soto estivo a falar con el e co seu compañeiro Ricardo Iglesias coñecido por “O Grove” por ser natural deste concello. A conversa, dunha media hora, foi sobre pesca, xa que o Guisande é mariñeiro e estivo embarcado en repetidas ocasións no buque que el patroneaba e sempre observou boa conduta, sen meterse en asuntos sociais. Ao remate da mesma observou que o detido dirixiuse pola estrada que polo apeadeiro de Canido vai cara á de Priegue, mentres os grupos armados continuaron facendo os rexistros referidos.

Pola súa banda o tamén patrón de pesca e veciño de Canido, Ricardo Iglesias Otero, declara que non lembra se o 22 de xullo último estivo a falar con Basilio Durán aínda que non o pon en dúbida porque fala con el con moita frecuencia e puido ser aquel un día máis. Respecto ao detido Manuel Guisande Soto di que non o coñece polo nome, pero que aínda que así fose debido ao desmemoriado que é non podería asegurar que ese día tivese conversación con el, aínda que tamén admite esa posibilidade. En consecuencia di que non pode afirmar nin negar que estivese a falar aquel día co patrón de pesca Basilio Durán e co tal Guisande. Fai constar que el só coñece polo seu nome aos veciños de San Miguel de Oia pero non aos de outras parroquias como é o caso do Guisande que segundo lle informan é veciño de Priegue.

SEGUEN AS DECLARACIÓNS

Chegoulle despois o momento de declarar a Ramón Lorenzo Miguel Herrerín González, detido o 11 de agosto polos carabineiros de Panxón, quen declara que aquel día saíu da súa casa para realizar uns cobros cando se detivo diante del unha camioneta chea de xente entre os que ían o seu veciño José María Puentes que o obrigou a subir baixo ameazas. A camioneta realizou o percorrido que coñecemos e ao deterse e baixar os ocupantes puido observar que alí estaban Marcial Cabral, os tres irmáns Misa Rodríguez, Maximino “O Sapo”, Manuel Guisande Soto, Avelino Rial, Leonardo Pérez e outros que non recorda. Todos os que eran veciños da parroquia de Priegue estaban sen escopetas aínda que si as tiñan algúns que non eran da parroquia e aos que non coñecía. Na compañía de Manuel Misa Rodríguez dirixiuse cara á praia, pasaron por diante das fábricas e regresan á estrada de Priegue polo apeadeiro de Canido. Dende alí marcharon para as súas casas. Declara tamén que os que ían armados baixaron á praia tras deles e que non sabe nada máis, aínda que si escoitou, na tenda, ao día seguinte, que os fabricantes lles deran unhas caixas de conserva pero non oíu nada de que fixeran rexistros. Confirma tamén que os mencionados Avelino Rial e Leonardo Pérez están detidos.

O mesmo día, primeiro de outubro de 1936, declara Ceferino Prado Rodríguez, detido tamén o 11 de agosto polos carabineiros de Panxón. Segundo di cando ía comprar tabaco a un estanco na estrada de Priegue, chegou unha camioneta e os que ían nela obrigárono a subir sen ameazalo pero dicíndolle que se non o facía pasaríao mal. Cando se detivo o vehículo, regresou por onde viñera ata chegar á vía férrea da Ramallosa e seguiu por ela ata a parroquia de Priegue na compañía

do seu cuñado José Manuel Salgueiro. Despois de tomar unha cunca de viño regresaron aos seus respectivos domicilios.

José Manuel Salgueiro Rial foi o seguinte en declarar. Di que se chama así e non “Vilas” que é un alcume. Declara tamén que foi no camión ata Canido e que cando se detivo, na compañía do seu cuñado Ceferino Prado, desandaron o camiño, pararon a tomar uns viños e regresaron pola vía do tren para as súas casas. Ademais do seu cuñado recoñeceu a Julio Román.

Victorino Hermida Misa, detido o 11 de agosto polos carabineiros de Panxón, foi o seguinte en declarar, di que estando na estrada de Priegue chegou a camioneta e convidárono a subir. Cando se detivo aproveitou a circunstancia para agocharse nun milleiral, meterse polo medio dos cultivos, atravesar a vía do tren, cruzar a estrada e regresar por atallos á súa casa, onde chegou sobre as seis e media da tarde.

Declarou a continuación Julio Alejandro Román González, detido o 14 de agosto polos carabineiros de Panxón, quen informa que cando se dirixía á casa dunha irmán súa cruzouse cunha camioneta que viña de Baiona en dirección a Vigo, detívose e convidárono a subir e así o fixo porque lle colleu medo a quen o convidaba, aínda que non fosen armados. Ao deterse a camioneta dirixiuse cara á praia pero na vez de seguir cos demais tomou por un camiño que hai por detrás da fábrica do señor Cerqueira e dirixiuse de novo á estrada de Priegue para regresar á súa casa. Informa tamén que entre os que ían na camioneta estaban José Rodríguez Rial, Leonardo Pérez, Maximino “O Sapo”, Benigno Benavides e José Fernández Pérez, e que o primeiro deles está preso.

Dous días despois, o tres de outubro, presta declaración Avelino Rial Figueroa, detido, en Panxón, o mesmo día que os anteriores, quen informa que a primeiras horas da tarde, cando regresaba á súa casa despois de traballar nos campos cruzouse cunha camioneta, á que o convidaron a subir como así fixo, por medo. Dos que ían na camioneta só recoñeceu a Manuel Sande Soto e non lembra aos demais veciños de Priegue que alí estaban. Cando parou a camioneta baixou ata a praia, pasou por diante da fábrica e regresou á estrada de Priegue para volver á casa. Só observou que Manuel Guisande Soto seguiu a mesma ruta.

O seguinte en depoñer ante o instructor foi Leopoldo Pérez Sanromán, detido como os anteriores, quen relata que cando ía dende Priegue camiño de San Miguel de Oia co fin de visitar a un familiar seu e ao chegar á altura do río Saiáns foi alcanzado por unha camioneta que viña do lado de Baiona e dende a que o convidaron a subir con ameazas, polo que obedeceu. Di tamén que non coñecía a ningún dos que o obrigaron a subir e como a camioneta estaba absolutamente chea tivo que ir nun estribo da mesma ata que se detivo. Entón observou que entre o persoal non armado figuraban os seus veciños: Ramón Herrerín, Manuel e José Misa Rodríguez, Julio Román, José María Puentes, Maximino “O Sapo”, Marcial Cabral, José Rodríguez Rial e José Valverde Lorenzo e que na compañía deste último abandonou a estrada atravesando uns milleirais, cruzaron a estrada de Priegue e polo monte e por atallos regresaron á súa parroquia. Antes de marchar pasaron pola residencia do seu familiar pero non estaba na casa. Informa tamén que o seu compañeiro de retorno, José Valverde Lorenzo, está preso.

En Panxón, o mesmo día que os anteriores, foi detido José Rodríguez Rial. Declara que cando ía a pé cara a Canido atopouse cunha camioneta parada e os que nela

viaxaban convidárono a subir, ao negarse ameazárono con que ía quedar sen traballo. Ao deterse a camioneta perto da praia de Canido baixaron unhas cincuenta persoas entre as que non observou armas pero como non se fiaba daquela xente meteuse por unha xunqueira e atravesándoa chegou á estrada de Priegue e regresou á súa casa. Informa que entre os que ían na camioneta estaban: José Misa Rodríguez, Julio Román, José Fernández Pérez, Rogelio Álvarez, Ángel González, José María Puentes, Maximino Comesaña “O Sapo”, Benigno Benavides e algún outro que non lembra.

A continuación declara José Valverde Lorenzo quen di que cando ía de Priegue a Panxón atopouse cunha camioneta chea de xente dende a que o convidaron a subir, ao dicirlle que tiña cousas que facer en Panxón respondéronlle que si non o facía íao pasar moi mal, polo que decidiu subir. O automóbil detívose en varias ocasións na parroquia de Priegue para que subise máis xente e ao chegar a Canido observou que había persoas armadas con escopetas de caza que supón non eran veciños de Priegue xa que non os coñecía. Na compañía de Leonardo Pérez meteuse por uns milleirais e entrando na parroquia de San Miguel de Oia o Leonardo quixo ir visitar a un parente ao que non atoparon e saíron desta parroquia buscando a estrada de Priegue. Despois, polo monte e por atallos, regresaron á súa parroquia. Informa que entre os que ían na camioneta recoñeceu a Ramón Herrerin, aos irmáns José e Manuel Misa Rodríguez, Manuel Guisande, Avelino Rial, Victorino Hermida, José María Puentes, Maximino Comesaña “O Sapo”, Benigno Benavides, Manuel Fernández, Rogelio Álvarez e Ángel González.

O INICIO DO PROCESO

O oito de outubro de 1936 Francisco Arriaga Seoane, Comandante de infantaría retirado e xuíz instructor da causa, considera que vistas as actuacións realizadas dedúcese que: Rogelio Álvarez Rodríguez, Ángel González García, Marcial Cabral Costas, José Misa Rodríguez, Manuel Misa Rodríguez, Francisco Méndez González, Manuel Fernández González, Manuel Guisande Soto, Ramón Herrerin González, Ceferino Prado Rodríguez, Victorio Hermida Misa, Julio Román González, Avelino Rial Figueroa, Leonardo Pérez Sanromán, José Rodríguez Rial e José Valverde Lorenzo, na tarde do 22 de xullo embarcaron nunha camioneta na que ía xente armada e dirixíndose de Priegue a Canido fixeron requisas de armas en varias fábricas e casas de particulares e propietarios, practicando rexistros nas mesmas. Das declaracións deduce tamén o instructor que os que practicaron os rexistros penetrando nos edificios ían armados con pistolas e escopetas e con este tipo de armas os que agardaban no exterior.

Considera o instructor que aínda que todos negan ter participado nas requisas e rexistros, aducindo ter abandonado aos que si as practicaron cando a camioneta fixo un alto na marcha a uns catrocentos metros da praia de Canido, tamén negan a existencia de armas no grupo que as practicou, só algúns recoñecen que sete ou oito levaban escopetas, mais tal feito está totalmente probado. Polo que deduce que esta é unha maneira de encubrir aos autores dos feitos, dando lugar a supor, sen prexuízo dos informes que se pidan, que non son veraces tampouco ao afirmar a súa presenza na camioneta en virtude das graves ameazas recibidas nin a súa non participación nos rexistros.

Considera que debe acordarse o procesamento dos citados xa que existen indicios racionais de criminalidade e tamén que a natureza dos feitos non permite a súa liberdade provisional, elevando a prisión a detención que sofren.

OS INFORMES DO INEFABLE CABO PENA

A continuación engádense á causa os informes solicitados polo instrutor. O máis eficiente, como sempre, é o cabo-comandante do posto da Garda Civil de Baiona, Manuel González Pena. O sete de outubro asina os informes de conduta dalgúns dos procesados.

De Manuel Misa Aballe di que a súa conduta, ata o movemento subversivo no que tomou parte, foi regular e que pode considerarse como un dos dirixentes do asalto a unha fábrica de conservas en Canido; que militaba no partido socialista do cal era fervente “adorador”. Do seu irmán Francisco, informa que é de boa conduta se ben o seu ideal é socialista e que tomou parte no movemento nun suposto delito de roubo en cuadrilla, non obstante non se trata dun elemento perigoso.

De Antonio Misa Rodríguez di que observou boa conduta ata que en compañía de outros suxeitos tomou parte no movemento subversivo contra o Exército e no asalto a unha fábrica de conservas en Canido. O seu ideal político é socialista e a súa actuación puidera cualificarse entre a dos coaccionados ou ameazados. Do seu irmán José di que aínda que tomou parte no movemento subversivo, dado que observou sempre boa conduta pódese considerar que a súa participación nos feitos foi por coacción. Mentres, do terceiro dos irmáns Misa Aballe, Manuel, di que observou boa conduta ata o movemento contra o Exército no cal tomou parte por estar afiliado a partidos de esquerda, podéndose asegurar que instigado por outros.

Contra os tres fuxidos emprega as expresións máis contundentes. De Benigno Benavides di que é de mala conduta e antecedentes, considéranos un dos principais dirixentes do movemento subversivo na parroquia de Priegue así como do asalto á fábrica de conservas; defíneo como “socialista propagandista” e perigoso para a sociedade. De Maximino (a) O Sapo informa que é de mala conduta, considéranos un elemento perigoso para a sociedade, xa que se trata dun suxeito que pola súa condición de incultura, e acaso ata idiotéz, está sempre predisposto a executar o que os seus dirixentes lle encomenden, e que dende logo sempre fai o mal. E a José Puentes considéranos de pésima conduta e antecedentes e o principal dirixente do asalto á fábrica de conservas así como do movemento subversivo contra o Exército; cualifícao como “comunista perigosísimo, de acción e propagandista”.

O Cabo Pena emite unha serie de informes nos que considera que as persoas ás que se refire tiveron boa conduta xa que eran de dereitas e polo tanto “absólveos”, dicindo que participaron nos feitos coaccionados. Este é o ton do informe que emite sobre Rogelio Álvarez Rodríguez do que di que observou sempre boa conduta, sendo de carácter pacífico e que a súa filiación política era de dereitas polo que pode asegurarse que foi coaccionado. Semellante é a súa consideración de Ángel González García ou de Ceferino Prado Rodríguez dos que di que si ben tomaron parte no movemento parece que o fixeron coaccionados e ameazados polos dirixentes. O mesmo di de Julio Román que observou unha irreprochable

conduta ata o Glorioso Movemento Nacional e que tomou parte contra o mesmo coaccionado xa que era de tendencias dereitistas. Mesmo algún frontepopulista poder ter unha certa desculpa como é o caso de Leonardo Pérez que é membro da Fronte Popular pero tomou parte no movemento contra o Exército a instigación de outros.

Algúns dos procesados tiveron boa conduta ata que se arreplexaron voluntariamente contra o golpe militar como é o caso de Marcial Cabral, Francisco Méndez González e Manuel Fernández González dos que observou boa conduta ata o GMN, no que tomaron parte contra do mesmo debido á súa gran simpatía pola FP, á cal pertencían, non considerando, polo tanto, que a súa participación no feitos fose forzosa senón voluntaria.

O resto presenta unha variedade de maldades e perversidades. De Manuel Salgueiro di que é de mala conduta e antecedentes, un dos principais dirixentes do asalto á fábrica de Canido e do movemento subversivo e pode cualificarse como “comunista de acción” e polo tanto perigoso para a sociedade. Tamén como perigoso comunista cualifica a Manuel Guisande Soto que tomou parte activa no movemento e causou moito dano na parroquia onde vivía pola súa constante propaganda en favor do seu ideal. A mesma consideración ten de José Fernández Pérez, ao que define como de mala conduta e que militou sempre en partidos de esquerda e a súa tendencia é ao comunismo. A Ramón Herrerín González considérao propicio para efectuar o que os seus dirixentes lle ordenen pola súa tendencia esquerdista, mentres que de Victorio Hermida Misa di que é de dubidosa conduta xa que militou sempre no esquerdismo. De Avelino Rial Figueroa informa que é de mala conduta e os seus antecedentes son de extremismo completo e tomou parte directamente no movemento; de José Rodríguez Rial di que é suxeito de dubidosa conduta e que tomou parte activa, por propia iniciativa, no movemento subversivo contra o Exército, o mesmo que José Valverde Lorenzo que é de ideal socialista e propagandista.

OS INFORMES DE JOAQUÍN FONTÁN

Como é ben sabido, as novas autoridades militares botaron man, no primeiro momento, de xentes conservadoras aínda que tivesen participado na política da II República, para situalas temporalmente ao fronte dos gobernos locais provisorios. Dereitistas con certo prestixio social, ben pola súa situación económica ben pola súa profesión, prestáronse a colaborar coas novas autoridades. Algúns deles mesmo se viron sorprendidos pola violenta deriva represiva e fascista do golpe militar.

Tamén no Val Miñor sucedeu así. O caso de Joaquín Fontán poderíámolo encadrar dentro destes iniciais “colaboracionistas”. Como presidente da Comisión Xestora do Concello de Nigrán asina, o 13 de outubro, un informe conxunto sobre algúns dos encarcerados no que pretende suavizar as contundentes afirmacións que o Cabo Pena emitira seis días antes. De Manuel Misa Aballe, Francisco Misa Aballe, Antonio Misa Rodríguez e José Fernández Fernández⁸ ou Pérez di que son persoas de boa conduta social e foron ao movemento inducidos ou coaccionados.



O Cabo González Pena, sentado

Do primeiro deles emite un informe posterior, o 27 de outubro, no que di que ten bos antecedentes sociais, de carácter pacífico, que seguiu a política da FP e pensa que foi ao movemento instigado por outros. Do seu irmán Francisco, engade no informe posterior, que é un pouco idiota pero de bos antecedentes e que en política non ten opinión propia, sendo de carácter bonachón e que tomou parte no movemento revolucionario instigado por outros. Nun informe posterior di que Antonio Misa Rodríguez pertencía ao partido de Izquierda Republicana, de carácter pacífico e que foi ao movemento instigado. Mentres que de José Fernández Pérez engade posteriormente: de bos antecedentes sociais, carácter pacífico, filiación política indefinida, tomou parte no movemento coaccionado despois de terse agochado.

De Manuel Salgueiro di que se distinguíu como propagandista de esquerdas pero non extremista, sen ser un individuo violento nin perigoso. No informe posterior engade: de bos antecedentes persoais, tomou parte activa na política da FP, é de carácter pacífico e foi ao movemento por vontade propia.

De Benigno Benavides, considerado tan perigoso polo Cabo Pena e o instrutor, o presidente da xestora municipal di que chegado o caso é individuo de fácil sedución. O 27 de outubro Joaquín Fontán emite outro informe sobre Benavides no que considera que non ten malos antecedentes políticos ou sociais, é home pacífico e foi ao movemento instigado.

De Maximino Comesaña Pérez "O Sapo" informa que a súa conduta parece que deixa algo que desexar e "din" que é materia apta para asuntos revolucionarios. Estas valoracións son ampliadas noutro informe moito máis contundente (27/10/36) no que considera que ten malos antecedentes políticos e sociais xa que seica é de filiación comunista e interveu no movemento revolucionario por vontade propia.

De José Puentes di que é de malos antecedentes, mal conceptuado na parroquia por ser un dos principais dirixentes do movemento revolucionario, home violento e de acción. No posterior informe do día 27 de outubro engade: é suxeito de malos antecedentes, considérase comunista, un dos dirixentes do movemento revolucionario, de carácter violento, home de acción e que din obrigou a outros a intervir no movemento.

**CADRO COMPARATIVO ENTRE AS VALORACIÓNS DO CABO PENA E DE JOAQUÍN FONTÁN
SOBRE MILITANCIA POLÍTICA, CONDUTA E PARTICIPACIÓN NOS FEITOS DOS ENCARTADOS:**

Nome	Cabo Pena		Joaquín Fontán	
	Militancia	Participación	Militancia	Participación
Manuel Misa Aballe	Socialista	Dirixente	FP	Bos antecedentes
Francisco Misa Aballe	Socialista	Non dirixente	Sen opinión	BC -inducido
Antonio Misa Rodríguez	Socialista	Coaccionado	IR	BC-Inducido
Benigno Benavides Álvarez	Socialista	Dirixente principal	s/c	Non ten mala conduta
Manuel Salgueiro Rial	Comunista de acción	Dirixente perigoso	De esquerdas	Non extremista
Maximino Comesaña	s/c	Elemento perigoso	Comunista	MC
José Puentes Méndez	Comunista perigoso	Dirixente principal	Comunista	MC
José Fernández Pérez	Comunista	MC	Indefinido	BC-Inducido
Rogelio Álvarez Rodríguez	Dereitas	BC	Dereitista	BC-coaccionado
Ángel González García	Dereitas	BC	Dereitista	BC-coaccionado
Marcial Cabral Costas	FP	BC ata o GMN	-	-
José Misa Rodríguez	s/c	BC-coaccionado	IR	BC-pacífico
Manuel Misa Rodríguez	Esquerda	BC ata o GMN	IR	BC-pacífico
Francisco Méndez González	FP	BC ata o GMN	s/c	BC-coaccionado
Manuel Fernández González	FP	BC ata o GMN	IR	BC-coaccionado
Manuel Guisande Soto	Comunista	Perigoso	IR	BC-coaccionado
Ramón Herrerin González	Esquerdista	Manipulable	IR	BC-Inducido
Ceferino Prado Rodríguez	s/c	Coaccionado	IR	Coaccionado
Victorino Hermida Misa	Esquerdista	Dubidosa	IR	BC-Inducido
Julio Román González	Dereitas	Irreprochable	Centro-dereita	BC-Inducido
Avelino Rial Figueroa	Extremista	Participación directa	IR	BC-Inducido
Leonardo Pérez Sanromán	FP	Activista	IR	BC-Inducido

O 27 de outubro Joaquín Fontán envía un novo informe de carácter moito máis político no que ademais das rectificacións e ampliacións sinaladas achega o dos demais encartados. Aos que identifica como membros de Izquierda Republicana: Manuel Misa Rodríguez, José Misa Rodríguez, Manuel Fernández González, Manuel Guisande Soto, Ceferino Prado, Ramón Herrerin, Victorio Hermida Misa, Avelino Rial, Leonardo Pérez, José Valverde Lorenzo e José Rodríguez Rial defíneos por igual como de bos antecedentes sociais, de carácter pacífico e que foron ao movemento contra o Exército instigados.

A Ángel González García e a Rogelio Álvarez Rodríguez identifícaos como de filiación política dereitista e ten unha valoración positiva como no caso dos azañistas; o mesmo que de Julio Román ao que identifica como de centro-dereita. Ten a mesma opinión positiva de Marcial Cabral a quen identifica como “esquerdista” e de Francisco Méndez González do que non da filiación política.

Consideramos significativo comparar as diferenzas, ás veces importantes, entre as valoracións emitidas polo Cabo Manuel Pena e polo presidente da xestora de Nigrán Joaquín Fontán tanto sobre a militancia política dos encartados como sobre a súa participación nos feitos ou a súa conduta como se pode apreciar no cadro.

13.-O PROCESAMENTO DO “BAGULLO” E DO “LIGERO”

O informe do comandante do posto da Garda Civil de Bouzas identifica a José Gabriel Rodríguez Domínguez (a) Bagullo e a Javier Costas Comesaña (a) Ligerio, ambos veciños de San Miguel de Oia como partícipes nos acontecementos de Canido. Ambos son cualificados polo comandante do posto da Garda Civil de Bouzas como comunistas de acción, propagandistas e perigosos.

O 8 de outubro publícase no BOP unha requisitoria⁹ contra ambos ao estaren fugados do seu domicilio, dándolle 24 horas para presentarse ante o xulgado, xa que o instrutor considéraos dirixentes do ocorrido en Canido. Arriaga Seoane asina (12 de novembro de 1936) o auto de procesamento contra ambos.

Tanto José Rodríguez Domínguez como Javier Costas Comesaña non se presentaron. Xoán Carlos Abad Gallego¹⁰ indica que se lles perdeu a pista. Do “Bagullo” seguimos sen saber nada pero si podemos dar novas do “Ligerio”, xa que na mesma causa hai un engadido final no que se informa que estaba incurso en dúas causas a 52/37 e a que estamos a estudar. No informe do secretario da causa 52/37 polo delito de rebelión contra o “Ligerio” da que é instrutor o comandante de Infantería Santiago Vega Casas, dise que:

Initiado el Glorioso Movimiento Nacional hacia mediados de julio de 1936, por el Ejército, con el fin de rescatar a España del mando de los gobiernos del Frente Popular, que pretendían desmembrarla y hacerla perder su independencia, opusieron resistencia al mismo, exteriorizada en diversas formas, individuos que apoyaban y secundaban al funesto Frente Popular, en su tarea implacable de destruir las mas elevadas esencias de la Patria, y entregarla inerme al comunismo extranjero.- Dicha actitud rebelde fue adoptada por el procesado en esta causa Javier Costas Comesaña “El Ligerio”, el cual, al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional desempeñaba el cargo de Secretario del Sindicato Agrícola de San Miguel de Oya y en unión de otros dirigentes, todos ellos provistos de armas, trataban de oponerse a las Fuerzas Nacionales, y una vez fracasados sus criminales propósitos, huyó al monte, en donde permaneció oculto hasta el 18 de julio del corriente año (está a falar de 1948) en que se presentó voluntariamente a las autoridades. No se prueba que durante su ausencia haya tenido contacto con otros elementos huídos dedicados al bandidaje.

Os feitos foron cualificados polo Ministerio Fiscal, no escrito de conclusións provisionais, como constitutivos dun delito de rebelión militar e considera ao procesado como autor do mesmo, polo que solicita para el a pena de vinte anos de reclusión, conmutable pola de tres anos de prisión por estar os feitos comprendidos na lexislación do 25 de xaneiro de 1940 sobre conmutación de penas.

O defensor maniféstase de acordo coa petición fiscal, o mesmo que o procesado que firman o escrito. A causa quedou sobresaída definitivamente o 30 de novembro de 1948 no ditame do auditor e polo capitán xeral o 10 de decembro de 1948. O 18 de decembro de 1948 preséntase ante o xulgado Javier Costas Comesaña e dáse lectura íntegra e faise

entrega do Decreto Auditorado do Capitán Xeral no que se acorda o sobresemento definitivo da causa 647/36

Así pois, "O Ligerio" estivo entobado todo este tempo e foise entregar o 18 de xullo de 1948, no doceavo aniversario do golpe militar. Os fascistas déranlle razóns para botar unha ducia de anos fuxido. Seguro que foi un dos escapados procurados sen desmaio polos fascistas de Bouzas e de toda a contorna. Boa proba do que dicimos é que a un irmán seu, Manuel Costas Comesaña, paseárono en Mos¹¹, na parroquia de Cela, na estrada do Porriño a Gondomar, o 22 de setembro de 1936. Tiña o irmán máis novo de Javier, 21 anos, era albanel, estaba solteiro e residía no Brea-douro, en Coruxo. A nai de ambos, Brigida Comesaña Carbajal tivo sorte, falecera antes do tempo da infamia. Sabemos, por información da súa filla, que "O Ligerio" viviu o suficiente para poder acudir a un colexio electoral e depositar o seu voto polo partido que representaba as súas ideas, eso si cunha garabata vermella que poñía a cotío.

Juzgados militares
Requisitoria

RODRIGUEZ DOMINGUEZ (a) Bagullo, JOSE, de 25 años, soltero, comerciante, hijo de José y de María, natural y con residencia en San Miguel de Oya; COSTAS COMESANA, JAVIER, (a) Ligerio, de 27 años, casado, labrador, hijo de Manuel y de Brígida, natural de Oya, se presentará ante este Juzgado, sito en la Sala de Procuradores del Palacio de Justicia de esta ciudad, dentro del plazo de cuarenta y ocho horas, contado a partir de la inserción de la presente en el "Boletín Oficial" de la Provincia, para ser oídos en causa número 646, que instruyo por el supuesto delito de rebelión, y en la que, caso de no comparecencia, se les declarará rebeldes.

Ruego a todas las autoridades, tanto civiles como militares, procedan a la busca y captura de los indicados individuos, poniéndolos, caso de ser habidos, a disposición de este Juzgado en la cárcel del Partido.

Vigo, 12 de noviembre de 1936.
El comandante juez instructor,
Francisco Arriaga Seoane.

LISTAXE DE PROCESADOS

O 19 de novembro de 1936 o instrutor comandante Arriaga Seoane envía un escrito ao Auditor de Guerra da 8ª Rexión Militar no que manifesta que das actuacións resulta que os veciños de Priegue: José Puentes Méndez, Maximiliano Segundo Comesaña Pérez (a) O Sapo, Benigno Benavides Álvarez, Manuel Misa Aballe, Francisco Misa Aballe, Antonio Misa Rodríguez, Rogelio Álvarez Rodríguez, Ángel González García, Marcial Cabral Costas, José Misa Rodríguez, Manuel Misa Rodríguez, Francisco Méndez González, Manuel Fernández González, Manuel Guisande Soto, Ramón Herrerin González, Ceferino Prado Rodríguez, Victorio Hermida Misa, Julio Román González, Avelino Rial Figueroa, Leonardo Pérez Sanromán, José Rodríguez Rial, José Valverde Lorenzo e José Rodríguez Domínguez (a) Bagullo e Javier Costas Comesaña (a) Ligerio, ambos de San Miguel de Oia e en paradiro descoñecido ao igual que os tres primeiros e polo tanto declarados en rebeldía. Os demais están prendidos no cárcere de Vigo.

O instrutor considera que todos eles participaron, na tarde do 22 de xullo, nunha requisa de armas en Canido, capitaneados polos que están declarados en rebeldía, feito que se deduce tanto por ter fuxido como polos seus antecedentes políticos. Ao tempo, manifesta que aínda que inicialmente se pensou que nas fábricas se

roubaran varias caixas de conserva non foi así, xa que, tras as probas practicadas, demostrouse que non houbo tal roubo senón entrega voluntaria das conservas por parte dos fabricantes ante a petición dos revoltosos co pretexto de darlle de comer aos obreiros necesitados. Sen embargo, tal petición fíxose con armas polo que o feito sería constitutivo, quizais, dun delito de coaccións pero non de roubo.

Indica tamén que a falta de testemuñas imparciais dificulta ter a certeza de se os procesados presos interviñeron nos rexistros, xa que unanimemente negan telo feito e engaden que foron obrigados a embarcar na camioneta baixo coacción ou ameaza, así como que abandonaron a acción cando a camioneta fixo un alto na estrada. Nese momento, os presos procesados, tamén unanimemente, manifestan que aproveitaron para, por distintos itinerarios, regresar ás súas casas, mentres o grupo formado polos individuos en rebeldía e outros dos que se descoñecen os nomes foron os autores do delito.

No escrito o instrutor indica que mesmo se dá o caso que ao procesado Rogelio Álvarez Rodríguez, ao que máis favorecen os informes da Garda Civil e do Delegado de Orde Pública de Nigrán, foi o único, aparte dos declarados rebeldes, visto polos donos das casas onde se realizaron os rexistros. Este detalle, xunto a que a maioría dos detidos negan que na camioneta fosen persoas armadas con escopetas, empurrou ao xuíz instrutor a acordar o procesamento de todos, sen excepción, por interpretar que non son veraces nas súas declaracións xa que negan un feito –o de algúns ir armados con escopetas– que está probado.

SOBRESEMENTO DA CAUSA PARA OS PROCESADOS AGÁS OS FUXIDOS

O Auditor de Guerra asina na Coruña, o 26 de novembro de 1936, un escrito no que di que examinada a causa parece desprenderse da mesma que os responsables dos actos foron os procesados en paradiro descoñecido (Benavides, Puentes, “O Sapo”, “O Bagullo” e “O Liger”) que foron os que obrigaron, con ameazas das súas armas, aos outros a formar parte do grupo e que unha vez libres da coacción os procesados regresaron aos seus domicilios. Xa que logo, en virtude do artigo 538 do Código de Xustiza Militar, debe sobreseerse, provisoriamente, a causa para os procesados que non están fuxidos, suspender os autos e enviar comunicación á Secretaría de Xustiza da Xunta Técnica do Estado. Ora ben, tamén considera que dada a mala conduta dos procesados, estes deben quedar a disposición da Autoridade Governativa por se estima oportuna algunha sanción.

O ditame do Auditor de Guerra vai acompañado dun oficio do Xeneral Xefe da 8ª Rexión Militar datado no que resolve, de acordo coas indicacións do Auditor, sobreseer provisoriamente a causa contra os encarcerados e suspender as actuacións no caso dos rebeldes.

O primeiro de decembro dáselles a coñecer aos procesados o ditame do Auditor e á Autoridade Governativa que os procesados quedan á súa disposición.

O sobresemento non vai supor a posta inmediata da liberdade dos detidos senón o pase, como dixemos, á disposición da autoridade governativa que prolongara a súa estancia no cárcere, como podemos ver no cadro no que se indica a data de detención e a da posta en liberdade:¹²

	DATA DE DETENCIÓN	POSTA EN LIBERDADE
Manuel Misa Aballe	26/08/1936	04/05/1937 ¹³
Francisco Misa Aballe	26/08/1936	04/05/1937 ¹⁴
Antonio Misa Rodríguez	12/08/1936	04/05/1937
Rogelio Álvarez Rodríguez	12/08/1936	18/12/1937
Ángel González García	11/08/1936	18/12/1936
Marcial Cabral Costas	12/08/1936	10/06/1937
José Misa Rodríguez	12/08/1936	04/05/1937
Manuel Misa Rodríguez	12/08/1936	04/05/1937
Francisco Méndez González	24/08/1936	04/05/1937
Manuel Fernández González	12/08/1936	04/05/1937
Manuel Guisande Soto	11/08/1936	¿? ¹⁵
Ramón Herrerin González	11/08/1936	04/05/1937
Ceferino Prado Rodríguez	11/08/1936	18/12/1936
Victorio Hermida Misa	11/08/1936	04/05/1937
Julio Román González	14/08/1936	18/12/1936
Avelino Rial Figueroa	11/08/1936	01/04/1937 ¹⁶
Leonardo Pérez Sanromán	12/08/1936	04/05/1937
José Rodríguez Rial	12/08/1936	25/06/1937
José Valverde Lorenzo	11/08/1936	16/11/1936

O REINICIO DA CAUSA POLA ENTREGA OU DETENCIÓN DE BENIGNO BENAVIDES

O 13 de xullo de 1939 o comandante militar de Vigo, Felipe Sánchez, achega un oficio ao novo instrutor da causa, Antonio Ricote de Pedro, no que lle comunica a detención do encartado Benigno Benavides Álvarez, para que proceda a reabrila e a instruír procedemento contra o detido que se atopa no cárcere de Vigo.

Comunícalle tamén a nova detención de Francisco Misa Aballe quen presta declaración o oito de agosto de 1939 e di descoñecer os motivos polos que foi detido polo Comandante do Posto da Garda Civil de Priegue. Ante a estraña situación o instrutor pide a quen realizou a detención, explique os motivos da mesma. O comandante do posto de Priegue responde que se realizou por ser reclamado polo Xuíz Militar Alfonso Fidalgo. O novo instrutor resolve, 11 de agosto de 1939, a posta en liberdade de Francisco Misa Aballe por considerar que non existen novos elementos de xuízo e non é pertinente prolongar por máis tempo a súa detención. Non se desprende da documentación máis información sobre a nova detención de Francisco Misa Aballe, en calquera caso aquel home tivo que pasar case outro mes na cadea, naqueles momentos nos que aínda estaban ben vivos os recordos das sacas masivas.

As investigacións sobre Benigno Benavides parten doutra eficaz acción, en agosto do 36, dirixida polo cabo da Garda Civil e xefe do posto de Baiona, Manuel González Pena, que despois dun minucioso interrogatorio ao que someteu a un veciño de Priegue, conseguiu a seguinte información que quedou incorporada á causa 255/37 e que o secretario xudicial incorpora á que estamos a estudar, copiándoa integramente e que reproducimos polo seu interese:

Continuando diligencias el Cabo Manuel González Pena, acompañado del Guarda Segundo de este puesto de Bayona, Saturnino Paniagua Arenilla, se presentaron en el día de hoy, veintiocho de agosto de 1936, en Priegue del Ayuntamiento de Nigrán donde procedió a la detención del vecino de aquel punto Ricardo Sanjuan Gesteira el que sometido a un minucioso interrogatorio, dice llamarse como queda dicho de 48 anos de edad, casado, natural y vecino de la mencionada parroquia de Priegue, que es cierto que durante el movimiento subversivo contra el Ejército se dedicó a recoger armas, en compañía de sus vecinos Ramón Herrerín, ya detenido, un tal José María Puentes, portugués, dado a la fuga, Benigno Benavides Álvarez, también fugado, un tal Rogelio, detenido, José Senra, Manuel Rodríguez, de segundo apellido, (a) Touza y otros sujetos que en este momento no recuerda pero sabe que se hallan detenidos; en varias casas de esta parroquia, entre ellas recuerda la del señor cura de Rejas donde recogieron dos escopetas y un revolver viejo, en la de Don Moisés Luna, una escopeta, y en la de Perfecta, viuda de Celestino, en el lugar de Chanes (sic), una escopeta en la de la viuda de Cabodeiro del lugar de Coba (sic), un revólver, sin que recuerde que fue a sitio ninguno más. Que es cierto que el Alcalde de Nigrán, Manuel Alonso, acompañado de Luis Palacios, conocido por el Rey de los brillantes, cobrador de tranvías, Ramón Casal León, estos detenidos en Vigo, y Maximino Misa¹⁷ en fuga, fueron los que dieron las ordenes de que todo o mundo se armase pues el ejército se había sublevado en Vigo y los fascistas venían encima; que es cierto que la mujer del Alcalde de Nigrán conocida por Rosario, fue la primera que al dicente entregó una escopeta y la que saliendo al balcón de su casa echó una especie de mitin, diciendo que todo el mundo tenía que armarse y que esperasen para escuchar la radio, la cual se halla decomisada en esta Comandancia, pues verían las noticias favorables que daban de Madrid; que las armas que fueron recogidas, fueron entregadas en el Sindicato y la que usó el que dice le hizo entrega de ella a don Moisés Luna al cual pertenecía y la que le entregó la esposa del precitado Alcalde, como era vieja y de un cañón solo, tan pronto se la dio, tiró con ella.

Da mesma causa 255/37 tírase a declaración do presbítero de Priegue, José Fernández Rodríguez, que afirma que por non atoparse no seu domicilio, xa que tiña fuxido do mesmo, non puido ver aos que nel entraron, pero que por referencias da súa serventa Alicia González García, sabe que a súa casa foi rodeada, saltando algúns do grupo o muro que rodea a finca mentres outros penetraban pola porta da casa que lle foi franqueada pola serventa. Por ela sabe tamén que os que penetraron pola porta e requisaron as escopetas de caza do declarante

eran José María Puentes, Benigno (a) “O Sapo”¹⁸, e Ricardo Sanjuan Gesteira entre outros.

O 18 de agosto de 1939, o secretario xudicial dá a coñecer a Benigno Benavides Álvarez o auto de rebeldía que figura na causa 255/37 así como o auto de procesamento en rebeldía que figura na causa 646/36 da que as dilixencias que se estaban a realizar formaban parte. A continuación presta declaración o detido. O secretario engade unha descrición física:

de estatura regular, pelo negro, ojos grises, barba rara, nariz recta regular, color moreno claro.

Asegura o procesado que dende o 14 de xullo de 1936 ata o 29 de xullo estivo a traballar na casa de don Manuel Rial Iglesias no lugar da Tarela, na parroquia de Nigrán, nas faenas de labranza e que non sabe nada nin da requisa de armas nin das caixas de conserva de Canido e non entende porque se lle pregunta por estas cuestións pois el estivo a traballar durante aqueles días nos que estoupou o Movemento na contorna. Négase a firmar a notificación de terlle dado lectura do auto de procesamento, o secretario chama ao sarxento de garda no palacio de Xustiza para que asine no seu lugar.

O xuíz ordena á Garda Civil de Baiona que conduza ao xulgado a Manuel Rial Iglesias quen xa fora reclamado en dúas ocasións, o 18 e o 29 de agosto, mais non se presentara. A súa presenza no xulgado non se produce, descoñecemos as razóns, ata o 19 de novembro. Di que ten 59 anos, viúvo, labrego, natural e veciño de Nigrán e que efectivamente Benigno Benavides traballa de xornaleiro na súa casa e que así o facía antes do GMN e despois do mesmo, estivo a traballar ata o 29 de xullo e logo desapareceu. Afirmar que ten bo concepto do detido e que non comentaba nada de política e que mesmo, naqueles días do movemento, con ocasión de ver unha camioneta de xente armada o Benigno comentou:


que andaran a facer estes, se foran traballar adiantaban máis.

O nove de setembro o Garda Segundo encargado do Posto de Baiona, Saturnino Paniagua emite o seu informe sobre a conduta de Benigno Benavides, no mesmo di que:

es de mala conducta y sus antecedentes políticos-sociales, socialista y propagandista de su ideal.

E continúa:

... al iniciarse el GMN tomo parte activa con armas contra el mismo y en el asalto de una fábrica de conservas en Canido. Se halla reclamado como desertor por el señor Ayudante de Marina de esta villa y tambien por el Comandante del Puesto de la Guardia Civil de Redondela como supuesto autor de atracos cometidos en aquella demarcación. Por todo lo anterior este individuo es conceptualizado como peligroso.



O catro de outubro de 1940 volve prestar declaración Benigno Benavides quen se ratifica na anterior e pide que declaren como testemuñas Manuel Valverde Rial, que reside en Nigrán, na Tarela, e Alfonso Valverde Rial, veciño de Nigrán.

As testemuñas presentadas por Benavides declararon o 25 de outubro. Primeiro Manuel Valverde Rial e despois o seu irmán Alfonso, os dous labregos de Nigrán, casados, de 26 e 23 anos respectivamente, declaran que o 18 de xullo estiveron traballando co detido nos labores do campo na casa de Manuel Rial Iglesias como tiñan traballado noutras ocasións. Que o detido nunca se meteu con ninguén e que a súa conduta foi sempre boa e Manuel Valverde indica que no aspecto político non pode dicir nada pois nunca soubo que o detido fose de esquerdas nin doutro partido.

É de salientar o comportamento solidario e xeneroso destes tres veciños da Tarela, de Rial Iglesias e dos irmáns Valverde Rial pois na altura, finais de 1939, declarar en favor dun fuxido despois do que tiña pasado e facelo dunha forma tan contundente supoñía un risco evidente.

O detido solicita a liberdade provisional que lle é denegada polo Gobernador Militar de Pontevedra o 16 de outubro de 1940, previo informe negativo tanto do xuíz instrutor Fernando Pereiro Carrero como do Auditor de Guerra da 8ª Rexión Militar e acordo do Capitán Xeral da 8ª Rexión Militar. A solicitude está asinada polo detido o 4 de agosto de 1940, na mesma indica que leva preso dende o 8 de xullo de 1939 e que nas dilixencias instruídas quedou probada a súa inculpidade, polo que suplica os beneficios da liberdade provisional por ser o único sostén do fogar materno e por carecer no mesmo de toda caste de recursos.

O 21 de xuño de 1941 Benigno Benavides Álvarez fai unha nova petición de liberdade condicional ou de prisión atenuada ao Capitán Xeral da 8ª Rexión Militar, na mesma expón:

Que al iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional, Salvador de España, por temor a represalias o venganzas de personas que aprovechando las circunstancias de los hechos acaecidos durante los días en los que se desarrollaban los sucesos revolucionarios, el dicente se ocultó en su domicilio,

permanecendo en el hasta el día cinco de mayo de 1939, en que hizo su presentación a las Autoridades a virtud del llamamiento hecho por el entonces Gobernador Civil de la provincia de Pontevedra, y que dos meses después en ocasión de que el dicente ya había reorganizado su vida dedicándose al trabajo fue detenido por la Guardia Civil e ingresado en la Prisión de Vigo, sin que a pesar del tiempo transcurrido haya habido resolución en el expediente o procedimiento que me instruye el Teniente del Regimiento de Infantería nº 56, D. Fernando Pereiro, irrigándoseme con tal retraso grande perjuicio por cuanto el dicente era el único que sostenía el hogar de sus ancianos padres, los que a virtud de mi detención carecen de lo más indispensable para vivir, hallándose en la mayor indigencia.

En consecuencia solicita a liberdade condicional ou a prisión atenuada co só e único obxecto de soste co seu traballo á súa familia e coa obriga de presentarse ante as Autoridades. Nesta ocasión o xuíz instrutor, o Tenente Fernando Pereiro Carreiro, informa favorablemente a petición de Bernardo Benavides porque non existen cargos concretos contra el, polo tempo de prisión preventiva que levaba sufrido e polas recentes disposicións establecidas pola Súa Excelencia o Xefe do Estado.

O CASO DE JOSÉ PUENTES MÉNDEZ

O 30 de setembro de 1939 o novo instrutor da causa, o Capitán de Infantería Rafael Marcos Torres, recibe escrito do Comandante Militar poñendo no seu coñecemento que José Puentes Méndez, fuxido dende o inicio do GMN está detido no cárcere do Partido Xudicial e á súa disposición. O instrutor decide reabrir a causa no referente ao detido. O dous de outubro de 1939 declara o detido José Puentes Méndez, quen realmente se chama Casimiro José Pontes Méndez.

A castelanización do apelido Pontes é fonte de constantes confusións acerca da identidade do detido. Ao longo da causa o seu apelido aparece, unhas veces como Puentes e outras como Puente; ao tempo, tamén hai repetidas confusións sobre o nome, José xa que en moitas ocasións aparece como José María, nome do pai. En declaración do 15 de marzo de 1941, o procesado informa que o seu nome é Casimiro José Pontes Méndez tal e como figura na certificación da acta de nacemento mais que vén empregando a forma Puentes porque así é como é coñecido dende a infancia.

Declara que non se incorporou cando foi chamado ao recrutamento de 1939 por descoñecemento xa que non sabe ler nin escribir e tamén que nos días do estoupido do movemento marchou para a casa da súa irmán Herminda, en Coruxo, lugar no que estivo agochado porque a xente de Priegue, de onde tivo que marchar, dicía que mataban a todo o mundo. Relata tamén que o 26 de setembro de 1939, paseando pola rúa do Príncipe de Vigo, atopouse co Cabo da Garda Civil de Priegue quen lle dixo que tiña que falarlle e despois presentouse na Comandancia Militar e de aí ao cárcere.

Preguntado a que partido estaba afiliado para poder traballar como pintor dixo que dende que en 1932 deixou de pertencer á Casa do Pobo non estivo afiliado a ningún, pois despois traballou sempre pola súa conta.

O párroco de Priegue, Marcial Álvarez Durán¹⁹ asina, o 16 de febreiro de 1940, unha certificación na que fai constar que José María Pontes Méndez

con anterioridad al Movimiento Nacional durante el tiempo que residió en la parroquia de Priegue, non le consta que observara mala conducta

O instrutor Marcos Torres fai entrega das actuacións ao Alférez de Infantería Manuel Bermúdez Pillado o 30 de novembro de 1937 e este a Fernando Pereiro Carrero, Tenente de Infantería o sete de decembro, quen suspende as actuacións xudiciais durante quince días para o estudo da causa. Este tamén é substituído polo Tenente Lino Fernández Peixoto quen, polo mesmo motivo suspende por quince días as actuacións. A causa pasará de novo ao tenente Fernando Pereiro Carrero que reinicia as actuacións citando ao chofer da camioneta Victorino Fernández Macaya.

O condutor declara, 12 de abril de 1940, que coñece a Benigno Benavides e a José Puentes Méndez, por ser veciños seus e que, nos días do Alzamento Nacional, viu a Benigno Benavides cun barreno na man e a José Puentes cunha pistola e que en compañía de varios máis ameazárono para que sacase a camioneta e os levase a Canido. Alí chegaron cun bidón de gasolina e varias caixas de conservas que lle facilitarán os propietarios das fábricas. Di que, na súa opinión, ambos eran de ideoloxía comunista por velos exteriorizar as súas opinións en máis dunha ocasión en conversacións deste tipo pero con respecto á súa conduta pública-privada considéraos persoas de orde.

José Pontes volve prestar declaración o catro de outubro de 1940, nela engade que se presentou voluntariamente na Caixa de Recrutados de Pontevedra e que ao pouco tempo o fixo na Comandancia Militar de Vigo para preguntar se xa lle tiñan asignado destino, onde lle comunicaron que era o Rexemento 56 de Vigo. Ao pouco tempo de saír da Comandancia foi detido polo Cabo da Garda Civil do posto de Priegue e que tamén fixo a súa presentación voluntaria ao capitán da Garda Civil Agustín Rubio Sanjuán. Solicita tamén que presten declaración como testemuñas Manuel Cendón, médico de Coruxo, e Moisés Luna²⁰, tamén médico e residente en Vigo. Este último, foi o primeiro en declarar. Moisés Domínguez Luna, tiña 52 anos, estaba casado, de profesión médico, di que efectivamente coñece a José Pontes Méndez como veciño de Priegue a onde el ía pasar a tempada de verán. Como Pilatos lávase as mans dicindo que non pode xulgar a súa conduta político-social nin a súa vida pública-privada xa que a penas o coñecía e non tivo con el ningunha relación. Só sabe que andou fuxido durante a guerra civil e que se presentou cando foi chamado polo Gobernador Civil de Pontevedra.

O tamén médico Manuel Cendón Solís, de 47 anos, natural de Río de Janeiro, de nacionalidade española e veciño de Coruxo, di que coñece a José Puentes Méndez por ser veciños dende hai uns dezaseis anos aproximadamente. Respecto da súa conduta político-social e da súa vida pública-privada di que ata xullo de 1936 en que residiu na parroquia de Coruxo non interveu en ningún acto contrario e despois desta data non pode dicir nada por ausentarse para residir na parroquia de Priegue, pero por oídas sabe que non interveu en nada contra o GMN, aínda que sabe que estivo fuxido ata que se presentou no destacamento da Garda Civil

En cumplimiento a lo interesado en su respectivo escrito, número 1-7 de fecha 15 del actual, respecto a tres personas de reconocida solvencia moral y que con acierto puedan deponer en causa que instruya su autoridad, contra José María Fuentes Múñoz, natural y vecino de la parroquia de Frigües, del Ayuntamiento de Nigrán; tengo el honor de participar a la digna autoridad de V./d. que el que suscribe no considere a ninguno de la arroquia citada, con suficiente civismo, para deponer en la información que se ordena, por cuyo motivo me permito omitirla.

Dios guarde a V. d. muchos años.
Bayona 24 de Marzo de 1.941
El guardia 1º encargado.

Juan Muñoz B

O sempre presente Cabo González Pena, emite un novo informe (18/10/1940) sobre José Pontes Méndez, nun ton moito máis negativo que o de 7 de outubro de 1936. No seu escrito o Cabo Pena di que o José Puentes é de pésima conduta e antecedentes, principal organizador das masas proletarias en Priegue, camorrista e rateiro e que durante o Movemento tomou parte, como dirixente, no asalto á fábrica de conservas en Canido con toda caste de atropelos en domicilios de persoas de dereitas para a requisa de armas, motivo polo cal estivo tempo fuxido e se lle supón autor de atracos, polo que o considera perigoso para a sociedade.

Nestes días puidemos saber das fermosas leccións de solidariedade que andaban a dar moitas persoas de ben como o médico Cendón ou os veciños da Tarela que testemuñaran a favor de Pontes. Pero a mostra da dignidade e solidariedade masiva ante o terror e a barbarie que se impuxera dérona colectivamente os veciños de Priegue, segundo podemos saber polo escrito asinado (24/03/1941) polo Garda Primeiro encargado do posto de Baiona que ante a petición do xuíz instrutor para que indique tres persoas de solvencia moral que poidan depoñer con acerto contra

José María Puentes considera que non hai ninguén na parroquia de Priegue con suficiente civismo para depoñer. Reproducimos a continuación o sorprendente informe:

En cumprimento a lo interesado en su respetado escrito, número 127 de fecha 15 del actual, respecto a tres personas de reconocida solvencia moral y que con acierto puedan deponer en causa que instruye su autoridad, contra José María Puentes Méndez, natural y vecino de la parroquia de Priegue, del Ayuntamiento de Nigrán; tengo el honor de participar a la digna autoridad de V/S que el que suscribe no considera a ninguno de la parroquia citada, con suficiente civismo, para deponer en la información que se ordena, por cuyo motivo me permito omitirla.

Díos guarde a usted muchos años.

Bayona 24 de marzo de 1941.

El guardia 1º encargado.

O mesmo instrutor anota na providencia correspondente:


Únase a continuación escrito de la Guardia Civil de Bayona en el que manifiesta que no hai ninguna persona de solvencia para deponer en el atestado.

E solicita do posto da Garda Civil de Bouzas, lembremos que o Pontes nacera en Coruxo, onde residían os seus pais, un informe de tres persoas de recoñecida solvencia. O comandante do posto de Bouzas, Cabo Leopoldo Sánchez Infantes adxunta, o 22 de xuño de 1941, o informe elaborado polo Garda Jaime Fandiño Alió auxiliado polo Garda Olegario Bea Solla.

Os gardas interrogan sobre o asunto a Jesús González Estévez de 48 anos, casado, industrial conserveiro, natural de Ribadavia e veciño de Canido. Di que todo o que pode saber sobre a conduta de José Pontes é porque traballou en moitas ocasións como albanel en Canido; entende, por rumores públicos, que as súas actuacións contra o GMN todas foron malas; coída, pola súa actuación política e social, que era de ideas comunistas e tamén por relacionarse con dous veciños de San Miguel de Oia, xefes principais do comunismo, José e Ángel Rodríguez Domínguez, alias “Os Bagullos”.

Informa tamén que ao estoupar o Movemento en Vigo, José Pontes Méndez e varios extremistas máis presentáronse cunha camioneta nunha gasoleira, sita no mesmo Canido, propiedade do relator, esixíndolle de forma violenta toda a gasolina que tivera no surtidor, cousa que non conseguiu ao negarse este enérxica e rotundamente. Mais cando el se retirou do lugar onde estaba o surtidor conseguiron que a súa esposa lles dese 50 litros de gasolina baixo ameazas de morte que lle fixo o detido ao intentar sacar unha arma do peto, ou mellor dito, ao facer ademán de esgrimir algún instrumento perigoso contra a súa señora. Cando esta lle preguntou quen lle ía pagar o importe da gasolina el respondeulle que primeiro á ... sinalando o peto do costado de onde facía ademán de sacar algo e despois á Fronte Popular.

A continuación declara Julián González Goberna, de 41 anos, casado, fabricante de conservas, natural de Vigo e veciño de Canido. Manifesta que respecto as condutas de José Pontes só pode dicir, en base a referencias públicas, que son desfavorables en todos os aspectos e en canto



á cuestión político-social era de ideas extremistas. Que cando se proclamou en Vigo o Glorioso Alzamento Nacional presentouse no surtidor de gasolina de Canido con varios “rojos” máis, nunha camioneta conseguindo gasolina de modo violento de dona Rosita Riera, esposa do propietario e veciño seu, levándose, despois de ter armado gran barullo, un bidón de gasolina.

Alfredo Sío Hermida, de 39 anos, casado, albanel, natural de Montevideo e veciño de San Miguel de Oia, declara que sobre a conduta de Pontes Méndez só pode manifestarse como veciño de Priegue, e que era bastante vago; en relación ás ideas, eran de esquerdas pero non pode precisar cales debido a que nunca falaba con el de política; con respecto á súa actuación en contra do GMN di que estivo agochado, entre o millo, nas inmediacións da casa do que declara, despois de estar en Canido acosando, ao parecer, a persoas que eran fascistas como o proba o feito de terlle dado o alto ao veciño da parroquia de San Miguel de Oia, Aquilino Sanromán e tratalo de fascista. Que despois o grupo referido foi observado dende unha regular distancia por forzas nacionais –ao parecer de Asalto– que acababan de chegar de Vigo para sufocar a revolución marxista e que como queira que os individuos que formaban o grupo non obedecesen ás ordes ou indicacións que a forza lles fixera, pois na vez de agardar onde se achaban botaron a correr por entre os milleirais. A forza armada en resposta a un disparo de arma curta saída do grupo foi en persecución do mesmo facendo varios disparos cos fusís. Remata que todo o exposto foille manifestado pola súa esposa, María Veirol González, que foi quen realmente presenciou todo dende o interior da súa casa.

Non pode declarar, nese momento, o mencionado Aquilino Sanromán que sabe mellor o que pasou, segundo a esposa do anterior declarante María Veirol, xa que está embarcado como mariñeiro de parella e tardará uns quince días en regresar ao seu fogar.

Os gardas redactores do informe fan constar que, segundo manifestacións verbais recollidas en San Miguel de Oia e en Priegue entre persoas de recoñecida solvencia moral, pública e privada, José Pontes Méndez resulta persoa indesexable polas súas malas condutas observadas e considérase como un elemento de ideas comunistas e é inimigo non só do novo Estado senón tamén do traballo. Segundo informes recollidos entre diversas persoas de San Miguel de Oia e outra de Priegue (entre elas do cura José Fernández Rodríguez), José Pontes Méndez é persoa de mala conduta en todos os aspectos pola circunstancia de ser bastante vago, contraer débedas que non pagaba, ter abandonado á súa esposa e ser un mal cidadán, nunha palabra.

Respecto da súa conduta político-social tense por elemento de ideas comunistas pois a parte de terse relacionado con persoas deste ideal, ensinaba incluso aos seus fillos a saudar co puño en alto.

Persoas de “recoñecida solvencia moral, pública e privada” como as que declararon ante os dous gardas civís de Bouzas eran as que non atopaba a garda civil de Baiona en Priegue, como tampouco debía ter moita solvencia a persoa que segundo o matrimonio propietario do surtidor de gasolina, seguramente preocupados por cobrar os 50 litros de gasolina, din que lle deu o alto o Pontes e a quen chamou fascista.

Despois de regresar do mar, Aquilino Sanromán González, de 38 anos, casado, natural e veciño de San Miguel de Oia comparece ante o xuíz instructor, o 2 de xullo de 1941, e declara que non coñece a José Pontes Méndez e tampouco a quen lle deu o alto e a quen lle chamou fascista; e que se o vise é posible que o recoñecese pero que só lle chamou fascista e que nese momento chegou unha camioneta con forza armada e que botaron a correr por entre os milleirais. Realizada a rolda de recoñecemento de presos, no mesmo día da declaración, Aquilino Sanromán González, afirma por tres veces non recoñecer entre as persoas que lle puxeron diante a aquel que lle deu o alto e lle chamou fascista.

Alfredo Sío Hermida, declara de novo, agora ante o instructor, ratifícase e di que a persoa que lle deu o alto a Aquilino Sanromán González foi José Pontes Méndez aínda que el non o viu senón que llo dixo a súa esposa que se atopaba nese momento na ventá. Respecto da conduta de José Pontes Méndez insiste en que era pouco amigo do traballo pero que nada sabe da súa actuación contra o GMN.

María Veiro González, esposa do anterior, de 43 anos, di que coñece ao detido de pasar sempre pola súa parroquia e que se atopaba na ventá da súa casa, a uns dez metros, cando lle deron o alto a Aquilino Sanromán González e que quen o fixo e lle chamou fascista foi José Pontes Méndez.

O xuíz instructor toma declaración a Jesús González Estévez e a Julián González Goberna que se ratifican nas declaracións realizadas ante a Garda Civil de Bouzas.

O mesmo día que Benigno Benavides solicita, por segunda vez, a prisión atenuada faino tamén José María Puentes Méndez, xa que:

... desde el día 26 de Septiembre del año de 1.939 fecha en que se presentó a las Autoridades, fue ingresado en la Prisión del Partido de Vigo, en la que se haya sujeto a procedimiento (...) que al iniciarse el GMN, Salvador de España, estuvo oculto hasta el 15 de mayo de 1939 en que se presentó ante el Sr. Capitán de la Guardia Civil de Vigo, y con motivo del llamamiento realizado por el Gobernador Civil de Pontevedra a todos los huídos que no tuvieran manchadas las manos de sangre, y teniendo en cuenta que durante (o tempo que) permaneció oculto no se rozó con ningún otro huído ni cometió actos vandálicos de ninguna clase, habiendo permanecido siempre en el Pueblo de su naturaleza. Suplica: de que si lo estima a bien y teniendo en cuenta la pena que en su día pueda corresponderme, se me conceda la prisión atenuada con el solo y único objeto de con mi reintegro al trabajo sostener mi hogar compuesto de mi mujer y dos hijos, dos hermanas menores y un sobrino de una hermana, todos los cuales se hallan en la mayor indigencia.

O xuíz instructor, Tenente Fernando Pereiro Carreiro, considera, como no caso de Benigno Benavides, viable a petición de José María Puentes Méndez xa que non existen cargos concretos contra el e que mentres estivo fuxido estivo sempre no lugar do que é natural, tendo tamén en consideración o tempo de prisión preventiva que leva sufrido e as recentes disposicións establecidas pola Súa Excelencia o Xefe do Estado.

A ENTREGA DE BENAVIDES E PONTES MÉNDEZ

¿Cal foi a razón que levou a Benigno e a José a saír do seu agocho despois de case tres anos?

Na petición de prisión atenuada que José Pontes fai ao Capitán Xeral refírese a que se presentou ante a Garda Civil de Vigo con motivo do chamamento realizado polo Gobernador Civil de Pontevedra a todos os fuxidos que non tiveran as mans manchadas de sangue –sendo ese o seu caso–, que non andou en cuadrilla –non se relacionou con ningún outro fuxido– e non cometeu ningún acto vandálico.

Tamén o Benavides fai referencia na segunda das súas peticións de posta en liberdade, a que se agochou, no seu domicilio onde se mantivo ata que decidiu saír en virtude do chamamento do Gobernador Civil e polo que se entregou o cinco de maio de 1939. Dez días despois entregouse José Puentes.

Estes feitos coinciden co nomeamento como Gobernador Civil de Pontevedra de Manuel Gómez Cantos, un capitán da Garda Civil cunha sinistra folla de servizos coa que tiña ben gañado o alcuño de “carnicerito de Extremadura” e que chegou ao Goberno Civil coas ínfulas do vencedor disposto a non pasar desapercibido.²¹ Disposto a poñer orde na súa provincia, unha vez conseguida a paz, todos os asuntos parecían da súa incumbencia e de todos daba conta nos medios de comunicación dende a construción de “casas baratas” ata a regulación dos horarios, dende o “estraperlo” ata as reunións nos cuartos traseiros das boticas, pasando pola importante atención á moralidade:

sabe el señor gobernador que en la Playa América de Vigo (sic) existen casetas con rotulaciones tales como “Nido de amor”, “Noche de baño”, etc etc. y ordenó al capitán delegado de su autoridad en dicha ciudad inutilice dichos rótulos inmediatamente²²

Gómez Cantos toma posesión xustamente o 14 de abril de 1939. Entre as múltiples cuestións que aborda en poucos días ten especial importancia o seu intento de resolver o problema dos fuxidos que tiña acadado unhas importantes dimensións e ameazaba en converterse nun problema máis complexo se unha vez rematada a guerra se empurraba aos entobados a continuar agochados e polo tanto a procurar sustento para si e os seus polo que terían que recorrer necesariamente ao roubo con violencia. O primeiro que fixo o activo Gómez Cantos foi poñer en liberdade a todos os “presos gubernativos”, isto é, aos que estaban detidos de forma preventiva sen formalizar unha causa contra eles mentres se realizaban investigacións ou ben, como no caso dos veciños de Priegue que vimos nesta causa que

despois de ser sobresaída seguiron varios meses no cárcere por decisión governativa. Esta situación podía prolongarse durante moito tempo como no caso de Severino Alonso Gonda de San Pedro da Ramallosa que estivo preso sen causa firme case dous anos.

RESUMO DAS DILIXENCIAS E SENTENCIA DO TRIBUNAL MILITAR

O xuíz instrutor realiza un resumo das dilixencias e envíaas ao Capitán Xeral da 8ª Rexión Militar (25/10/1940), pero o Auditor de Guerra devólvelas o 12 de novembro para que tome unha declaración indagatoria a José Pontes Méndez. O 18 de novembro de 1940, José Pontes Méndez presta de novo declaración. O secretario ademais dos datos persoais inclúe unha descrición física: estatura alta, moreno, ollos castaños, pelo negro, cellas negras, barba poboada e sen sinais particulares. O detido ratifícase na declaración anterior e asína co polgar.

O 23 de novembro o xuíz instrutor Fernando Ferreiro Carreiro envía de novo as dilixencias ao Auditor da 8ª Rexión Militar quen indica que se devolvan outra vez ao instrutor a fin de que investigue a participación de Benigno Benavides nos atracos realizados en Redondela, segundo informe da Garda Civil, e indica que solicite ao Comandante da Garda Civil de Redondela información ao respecto. Tamén insta a que solicite antecedentes penais e certificación de nacemento de José Pontes Méndez para a súa exacta identificación.

O instrutor incorpora certificado do encargado do Rexistro Civil de Vigo, así como o informe de penais no que Pontes Méndez aparece implicado na causa de referencia, e o informe da Garda Civil de Redondela no que se indica que de Benigno Benavides non consta relación con ningún dos atracos cometidos na súa demarcación.

Realizadas estas actuacións o instrutor envía de novo as dilixencias ao Capitán Xeral da 8ª Rexión Militar. Outra volta o informe do Auditor de Guerra indícalle ao Capitán Xeral que debe devolver a peza separada da causa 646/1936 para a práctica de máis dilixencias. O 12 de agosto de 1941 o instrutor do Auditor de Guerra eleva ao Capitán Xeral o sumario e o 8 de setembro o informe do Auditor considera rematado o período sumarial polo que indica ao Capitán Xeral que acorde a elevación dos autos a pleno por procedemento sumarísimo e que se é conforme a causa pasará á Fiscalía Xurídico Militar para que a cualifique provisoriamente e devolvela ao instrutor para continuar cos trámites previstos. O Capitán Xeral expresa a súa conformidade o 13 de setembro de 1941.

O informe do fiscal ten data de 17 de setembro de 1941, no mesmo fai un resumo do auto e considera que os feitos relatados son constitutivos dun delito de auxilio á rebelión do que son autores Benigno Benavides Álvarez e José Pontes Méndez sen que haxa circunstancias que modifiquen as súas responsabilidades. Require tamén o fiscal que se realice unha rolda do procesado José Pontes Méndez coas testemuñas Jesús González e Victoriano Fernández. Tamén indica que se lle debe impor aos procesados a pena de reclusión temporal, que será de abono o total de tempo de prisión preventiva, que a respecto das responsabilidades civís será aplicada a lei de 9 de febreiro de 1939 e que serán aplicables as normas de 25 de xaneiro de 1940 sobre rebaixa de penas.


O 23 de setembro de 1941 o instrutor dá por recibida a causa e ordena a notificación aos procesados da elevación a plenario para que designen defensor que deberá ser precisamente un dos oficiais designados na relación presentada polo Goberno Militar e que está en posesión do Xulgado. Ordena tamén a comparecencia con urxencia das testemuñas Jesús González e Victoriano Fernández. O mesmo día comunícaselle aos procesados que designan como defensor a Amador Rey Corbal.

O tres de outubro Victoriano Fernández Macaya identifica en rolda de recoñecemento a José Pontes Méndez, o mesmo fai, o 15, Jesús González Estévez. Ambos recoñecementos realizáronse en presenza do defensor Amador Rey Corbal; é a primeira vez que o defensor está presente. O mesmo día 15, en presenza do defensor e do xuíz instrutor, o secretario llele a José Pontes Méndez os cargos como procesado. Na dilixencia o procesado di que non ten que alegar incompetencia de xurisdición, que non ten nada que emendar nas súas declaracións mais que non se conforma cos cargos do escrito do fiscal e que desexa que preste declaración Carmen Valverde, veciña de Coruxo, para que manifeste se sabe o lugar no que estaba o procesado ao estoupar o Movemento. O mesmo acontece co procesado Benavides que repón de do mesmo xeito que o anterior. Ese mesmo día o defensor en función do Código de xustiza militar puido consultar as actuacións durante tres horas.

O 8 de novembro convócanse para o 10 do mesmo mes os seguintes Consellos de Guerra: 621/40; 351/40, 550/41 e 134/41. Para o martes 11 o 591/41, o 647/40, o 515/40, a peza separada 29/37. Para o mércores 12 o 380/41, 238/41, 190/41, 174/41, 282/41. Para o xoves 13, o 453/41, o 207/40, o 399/41 e 322/36. Para o venres 14 o 324/40, o 556/41, outro do ano 41, o 501/41. Para o sábado 15, o 498/40, o 567/41, o 954/39, o 9/40, o 551/41. O 646/36 en peza separada instruída polo Tenente de Infantería José Bouzas Costas (que é quen remata a instrución) contra Benigno Benavides Álvarez e outro polo suposto delito de rebelión sendo o defensor o Tenente de Infantería Amador Rey Corbal. O tribunal de todos os Consellos de Guerra quedou constituído como segue:

Presidente: Tenente Coronel de Infantería José Fernández Bacorell
Vocais: Os Capitáns do Rexemento de Infantería número 56 Miguel González Couce, Luís Martí Rupilanchas, Manuel Fernández Posse, Manuel Arrieta Pedrosa e o Capitán de Cabalería en situación de dispoñible forzoso Alejandro Arrieta Pedrosa; como suplentes os Capitáns Manuel González Fraga da Infantería Divisionaria da 32 División e o do Rexemento de Infantería nº 56 Ignacio Ávila.
Como vocais poñentes actuarán o Oficial 1º honorífico do Corpo de Xustiza Militar Luís Bernárdez Domínguez e o Tenente Auditor de 3ª Fernando Vázquez Méndez.

Así que, ás 10 da mañá do 14 de novembro de 1941, na Sala da Audiencia do Palacio de Xustiza de Vigo comeza o Consello de Guerra, actuando como fiscal o Capitán Xurídico Jesús Fernández Barrutia, quen despois de escoitar a lectura do sumario polo instrutor, informa sobre a actuación dos procesados, eleva a definitivas as súas conclusións provisionais e solicita para eles a pena de 12 anos e un



día de reclusión temporal coas accesorias correspondentes, séndolle de abono a prisión preventiva sufrida.

O defensor rebate as acusacións do Ministerio Fiscal e chama a atención do Consello sobre as circunstancias nas que os procesados cometeron o delito que se lles imputa, pedindo para os mesmos a libre absolución. O Presidente, dado que os procesados non teñen nada que alegar, dá por concluída a vista e o Consello retírase, en sesión secreta, para deliberar, fallar e ditar sentenza, cousa que fai de inmediato condenando aos procesados á petición do Fiscal, isto é 12 anos.

A sentenza foille comunicada o mesmo día ao Fiscal, e aos condenados asistidos polo seu defensor e é elevada á superioridade militar. O 1º de decembro o Auditor de Guerra considera pertinente a sentenza, así como a proposta de aplicar a Orde de Presidencia do 23 de xaneiro de 1940 sobre redución de penas polo que propón a conmutación da pena pola de tres anos

de prisión menor. As consideracións do Auditor son aceptadas polo Capitán Xeral o 13 de decembro de 1941.

O 22 de decembro de 1941 fanlle as contas a José Pontes Méndez. Dos tres anos ao que foi condenado e dado que levaba preso dende o 30 de setembro de 1939 ata o 13 de decembro de 1941, data do xuízo e da condena, levaba cumpridos dous anos, dous meses e trece días polo que lle restaban por cumprir 9 meses e 17 días que remataría de cumprir o 30 de setembro de 1942. As de Benavides son moi semellantes pero como entrara antes na cadea polo que só lle restaban sete meses que remataría o 13 de xullo de 1942.

¿QUE FOI DO BAGULLO E DO SAPO?

Xa comentamos con anterioridade que nada sabemos do que pasou con José Gabriel Rodríguez Domínguez (a) Bagullo nin de Maximiliano Segundo Comesaña Pérez (a) O Sapo. Dos outros fuxidos xa dixemos que José Pontes Méndez e Benigno Benavides Álvarez entregáronse ao amparo das promesas do gobernador Gómez Cantos, foron xulgados e condenados polo Tribunal Militar e quedaron en liberdade despois de cumprir a condena e acollerse aos beneficios que na altura concedía o réxime que non podía soste tantos presos nos cárceres. Tamén indicamos que Javier Costas Comesaña (a) Ligerito estivo entobado 12 anos e despois entregouse.

Do Bagullo e do Sapo nada sabemos con exactitude. Só deduciamos a posibilidade de que o primeiro puidera ter fuxido a Portugal segundo a declaración do conserveiro Antonio Cerqueira Domínguez.

Coidamos que, infortunadamente, podemos ter algunha trágica referencia de Maximiliano Segundo Comesaña Pérez. Temos escasos datos: fillo de Salvador Comesaña, natural de Coruxo, e de Rosa Pérez Valverde, de Priegue, nacera o 30 de decembro de 1912 en Priegue, onde residía, e gañaba a vida como mariñeiro. Da causa só podemos extraer unha colección de adxectivos descualificadores; por outra banda moi semellantes aos dedicados aos outros fuxidos, que se supoñen líderes da acción de subir a unha camioneta, dirixirse a Canido e practicar rexistros na procura de armas en casas de conserveiros, fábricas e chalés.

Non podemos afirmalo con rotundidade pero temos a sospeita que o Maximino Comesaña Pérez, fuxido, é o mesmo que Maximino Comesaña Lago asasinado na tarde do 10 de xaneiro de 1937 nun camiño que ía dende Fragoselo a Tintoreira na parroquia de Coruxo. A acta de defunción²³ foi asinada ao día seguinte e dá moi poucos datos, só que era de Priegue e da mesma idade que o encartado na causa que estudamos (sobre 24 ou 25 anos), di que se ignora o nome dos pais, aínda que especifica que estaba solteiro e que a causa da morte foi “hemorraxia cerebral por disparos de arma de fogo”.

Gustaríanos poder confirmar esta sospeita e moito máis ledicia nos daría poder rexeitala porque alguén nos informase de que Maximino “O Sapo” fora quen de furtarlle a súa vida ás gadoupas dos asasinados. Como nos gustou ter noticias do “Ligero” a través dun seu sobriño-neto e alumno noso e saber que el si puido poñerse a garabata vermella para ir votar polo seus.

DATOS PERSOAIS DOS ENCARTADOS NA CAUSA 646/36

Álvarez Rodríguez, Rogelio.– De 26 anos, casado. Traballaba nun taller de carpintería en Coruxo. Nacido en San Andrés de Comesaña, Vigo, o 9 de novembro de 1909, fillo de Eduardo Álvarez e de Rosalía Rodríguez, naturais de San Andrés de Comesaña e de Santo Tomé de Freixeiro respectivamente. Neto por liña paterna de Manuel Álvarez e de Manuela Pérez, naturais de San Andrés de Comesaña e por liña materna de Sebastián Rodríguez e de Rita Villar, naturais de Santo Tomé de Freixeiro. Era veciño de Priegue.

Benavides Álvarez, Benigno.– De 26 anos, naceu o 19 de maio de 1913. Solteiro. Natural de Priegue e veciño de Sanromán (Nigrán). Fillo de Juan Perfecto Benavides Álvarez, natural de Matamá, e de Venancia Álvarez, natural de Priegue. Neto, por liña paterna, de Manuel Benavides e de Juana Álvarez, naturais de Matamá, e, por liña materna, de Juan Francisco Álvarez e de Regina Fernández, naturais de Priegue.

Cabral Castro, Jesús Marcial.– Tiña 27 anos, naceu en Coruxo o 7 de maio de 1907. Casado. Albanel. Veciño de Priegue. Fillo de Armando Alfredo Cabral Amorín, natural de Santiago de Sopo, distrito de Vila Nova da Cerveira, e de Nemesia Costas Comesaña, natural de Coruxo. Avós paternos: Casimiro Antonio Cabral e Joaquina Fernández Amorín, falecidos. Maternos, Jenaro Costas e Elvira Comesaña, naturais de Coruxo. Padriños Manuel Calderón e Higinia Costas, tía materna.

Comesaña Pérez, Maximiliano Segundo.– Coñecido como Máximo “O Sapo”. Naceu o 30 de decembro de 1912, tiña pois 23 anos. Natural de Priegue. Solteiro. Mariñeiro. Fillo de Salvador Comesaña, natural de Coruxo e de Rosa Pérez Valverde, natural de Priegue.

Costas Comesaña, Javier.- Coñecido como "O Ligerito". Tiña 27 anos (nado o 3 de decembro de 1909). Casado. Labrador. Natural de Coruxo e veciño de San Miguel de Oia. Fillo de Manuel Costas Goberna e de Brigida Comesaña Carbajal, naturais de Navia, neto por liña paterna de Ramón Costas e Josefa Goberna e pola materna de Ramón Comesaña e de Rosa Carballal, todos de Navia.

Fernández González, Manuel.- De 23 anos, nacido o 31 de decembro de 1912. Solteiro. Labrego. Fillo de Severino Fernández e de Rosa González. Natural e veciño de Priegue.

Fernández Macaya, Victorino.- Tiña 39 anos, estaba casado en segundas nupcias. De oficio "chauffeur"; natural e veciño das Chans, Priegue.

Fernández Pérez, José.- De 36 anos, nado o 2 de febreiro de 1901. Casado. Fillo de José Fernández Fernández e Dolores Pérez Fernández. Labrego. Natural e veciño de Priegue.

González García, Ángel.- Naceu o 24 de setembro de 1910 en Priegue. Fillo de José González Giráldez e de Felicidad García Rodríguez.

Guisande Soto, Manuel Isidoro.- De 36 anos, nacido o 4 de abril de 1901. Casado. Fillo de José Guisande Barreiro, natural de San Miguel de Oia, e Isabel Soto Fernández, natural de Priegue. Labrego. Natural e veciño de Priegue.

Hermida Misa, Victorino.- De 23 anos, nado o 24 de decembro de 1912. Solteiro. Labrego. Fillo de Vicente Hermida Barros e Vicenta Misa González. Natural e veciño de Priegue.

Herrerín González, Ramón Lorenzo Miguel.- Natural e veciño de Priegue. De 37 anos, nado o 5 de setembro de 1901. Solteiro. Comerciante. Fillo de Benito Herrerín Díaz, natural de Zaragoza e de Soledad González Barros, natural de Priegue.

Méndez González, Francisco.- De trinta anos, nacido o 13 de xullo de 1906. Casado. Fillo de José Méndez, natural de Portugal, e de Isabel González González, natural de Priegue. Fogueiro de barcos de pesca. Natural e veciño de Priegue.

Misa Aballe, Francisco.- Irmán de Manuel. Tiña 47 anos, nacera o 9 de decembro de 1889, e estaba solteiro.

Misa Aballe, Manuel.- Nacera o 3 de novembro de 1891, casado, labrador, natural e veciño de Priegue. Fillo de Benito Misa Rodríguez, natural de Priegue, e de Juana Aballe Sanromán, de Panxón.

Misa Rodríguez, Antonio.- Naceu o 4 de xullo de 1910 en Priegue. Solteiro. Labrego. Veciño de Priegue. Fillo de José Misa González e de Esperanza Rodríguez Valverde, ambos naturais e veciños de Priegue.

Misa Rodríguez, José.- Solteiro, de 22 anos, nacido o 9 de setembro de 1914. Labrego. Irmán do anterior. Veciño de Priegue.

Misa Rodríguez, Manuel.- Solteiro de 26 anos, nado o 27 de febreiro de 1911. Fillo de José Misa González e de Esperanza Rodríguez Valverde. Natural e veciño de Priegue. Músico. Irmán de Antonio e José.

Pereira Fernández, Eloy.- De 28 anos, veciño de San Miguel de Oia. Fillo de David Pereira e Lucinda Fernández Rodríguez. Empregado da empresa de Tranvías de Vigo - A Ramallosa. Casado con Flora González, tamén natural de San Miguel de Oia, e pai de dous fillos, Lila e Eloy, menores de seis anos. Asasinado o 31 de agosto de 1936 nun monte preto de Cabo Silleiro, no concello de Baiona.

Pérez Sanromán, Leopoldo ou Leonardo.- De 29 anos, naceu o 12 de novembro de 1906 en Priegue. Solteiro. Fogueiro. Veciño de Priegue. Leonardo Pérez. Fillo de José Pérez Fernández e de Rosa Sanromán Hermida.

Pontes Méndez, Casimiro José.- Nado en Coruxo o 12 de marzo de 1907. Casado. Albanel. Fillo de José María Pontes e de Palmira Méndez, naturais de Lanhelas (Portugal) e Monção (Portugal) respectivamente; neto por liña paterna de José Joaquín Pontes e de Ana Silva, naturais de Lanhelas e por liña materna de Avelina José Méndez e de Olinda Alves, naturais de Monção.

Prado Rodríguez, Ceferino. De 35 anos, nado o 11 de febreiro de 1902. Casado. Mariñeiro. Fillo de Adolfo Prado e de María Rodríguez Vidal. Natural e veciño de Priegue.

Rial Figueroa, Avelino.- De 40 anos. Casado. Labrego. Fillo de Domingo e de Carmen. Natural de Ribeirão Preto, estado de São Paulo, Brasil; veciño de Priegue.

Rodríguez Domínguez, José Gabriel. Tiña 25 anos. Nado o 18 de marzo de 1909. Solteiro. Comerciante. Natural e veciño de San Miguel de Oia. Fillo de Ángel Rodríguez Valverde e de María Domínguez, naturais de Oia, neto por liña paterna de Juan Rodríguez

e de María Valverde Álvarez e por liña materna de José Domínguez Costas e de Juana Vicenta González.

Rodríguez García, Ángel.— Solteiro de 26 anos, mariñeiro e labrego. Fillo de José e Felicidad. Natural e veciño de Priegue.

Rodríguez Rial, José.— De 38 anos de idade, nado o 31 de xullo de 1898. Fillo de Manuel Rodríguez Valverde e de Venancia Rial de la Iglesia, naturais de Priegue. Solteiro. Labrador e mariñeiro. Natural e veciño de Priegue.

Román González, Julio Alejandro.— Nado o 9 de xullo de 1897, de 39 anos. Casado. Cocineiro de barcos de pesca. Fillo de José Román Hermida e de Rosa González Carballo. Natural e veciño de Priegue.

Salgueiro Rial, José Manuel.— De 41 anos de idade. Solteiro. Xornaleiro. Fillo de Manuel e Isabel. Natural de Montevideo e residente en Priegue.

Valverde Lorenzo, José María.— De 19 anos, naceu en Priegue, o 22 de xuño de 1916. Solteiro. Labrador e mariñeiro. Veciño de Priegue. Fillo de Víctor Valverde Valverde e de Mercedes Lorenzo Valverde, naturais de Priegue.

SIGLAS MÁIS EMPREGADAS

GMN: Glorioso Movemento Nacional.

FP: Frónte Popular

IR: Izquierda Republicana

BOPP: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

NOTAS

- 1 GONZÁLEZ PÉREZ, J. A.: *Nigrán. Memoria dunha guerra. 1936-1939*. Edicións do Cumio, Vigo, 1998
- 2 Unificamos o apelido Aballe con B. Ao longo da causa aparece indistintamente. O prof. GONZALO NAVAZA indicanos que o apelido circula coas dúas grafías (Avalle/Aballe). Máis común é con B (no censo actual hai 188 Aballe e 79 Avalle (<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>).
- 3 Manuel Misa Aballe confunde o segundo apelido. Non se trata de José Fernández Fernández senón de José Fernández Pérez, aspecto que aclara ante o xuíz instructor en declaración do 04/10/36 recollida no folio 36 da causa 646/36
- 4 O xuíz instructor comete un erro xa que os dous primeiros citados están encarcerados en Vigo, o primeiro é Juan Manuel Salgueiro Rial e o segundo está errado como xa indicamos non é José Fernández Fernández senón José Fernández Pérez. O instructor en providencia do 04/10/36 fai constar o erro de declaración de "rebeldía" xa que os citados non podían presentarse á requisitoria por non poder saber da mesma. Benavides e Máximo "O Sapo" serán declarados en rebeldía o 30 de agosto.
- 5 O auto-camión, propiedade de Victorino Fernández Macaya era de marca Dodge e con matrícula PO 5.222. Ver GONZÁLEZ PÉREZ op. cit., p.150
- 6 O 11, 12 e 14 de agosto de 1936 foron xornadas de moita actividade tanto para o Brigada como para os carabineiros de Panxón, entre outros motivos porque foron moitos os veciños de Priegue que prenderon.
- 7 Refírese a Francisco Misa Aballe
- 8 Segue a confusión co segundo apelido. É Pérez.
- 9 A publicación da requisitoria dá lugar a unha nota aclaratoria publicada no EPG o domingo 16 de agosto de 1936, que di: "Con motivo de una REQUISITORIA publicada en la prensa diaria por la autoridad solicitando la presencia en el JUZGADO MILITAR de Pepe el "Bagullo" para que responda de hechos delictivos que se suponen cometidos por el mismo, nos escribe D. Manuel Fernández Gago (a) "Bugallo" para manifestarnos que ni a el ni a nadie de sus familiares afecta aquella Requisitoria. Fundan esta rectificación en que pudiera ocurrir que se confundiera "Bagullo" con "Bugallo" y se les ocasionaran los consiguientes perjuicios y molestias. Por otra parte, D. Manuel Fernández Gago "Bugallo" es sobradamente conocido por su hombría de bien como lo demuestra el que pertenezca a una empresa tan importante como "La Metalúrgica" y haya sido nombrado gestor de Lavadores. Queda hecha la rectificación a petición del interesado." Estaba claro que calquera confusión podía ser fatal.

- 10 ABAD GALLEGO, X. C.: *Héroes o forajidos. Fuxidos y guerrilleros antifranquistas en la comarca de Vigo*, Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2005.
- 11 RC de Mos, folio 53, nº 103
- 12 GONZÁLEZ PÉREZ, 1998
- 13 O 26 de agosto de 1936 foi a data da súa detención. Ingresar na cadea o 29. Posto en liberdade na data sinalada, reingresa na cadea o 7 de outubro de 1938 sendo posto en liberdade o 28 do mesmo mes. Pode consultarse o seu expediente procesual en GONZÁLEZ PÉREZ, p.296-297.
- 14 Francisco Misa Aballe foi detido de novo o 08/08/1939 con motivo do reinicio da causa tras a entrega de Benigno Benavides Álvarez. Foi posto en liberdade seis días máis tarde.
- 15 Segundo conta o seu fillo Manuel Guisande a GONZÁLEZ PÉREZ, nalgún momento fuxiu a Francia. p.84
- 16 "Repatriado a Brasil
- 17 Confusión no apelido, está a falar de Maximino Comesaña
- 18 É evidente que o cura confunde a Benigno con Maximino
- 19 Manuel Guisande, fillo do encartado nesta causa e logo fuxido di: "O que si axudou moito aos fuxidos foi o cura que tiñamos por aquel entón, don Marcial, protexíalos o máis que podía, dáballes comida e refuxio, moitas veces ía a Garda Civil buscar informes dalgún deles e tiñaos agochados debaixo do piso, ¡ai se o saben os gardas ou os falanxistas!, despois dáballes algo e dicíalle por onde tiñan que fuxir". GONZÁLEZ PÉREZ, p.85
- 20 Lembre o lector que Moisés Luna aparece citado no informe do Cabo Pena que recolle as declaracións de Ricardo Sanjuán Gesteira na causa 255/37. A Moisés Luna requisáranlle unha escopeta que Sanjuán Gesteira lle devolveu posteriormente.
- 21 Sobre o personaxe pode consultarse o documentado estudo de ABAD GALLEGO, X. C. op. cit. pp. 335 e seguintes.
- 22 Faro de Vigo, 14 de maio de 1939. Citado de ABAD GALLEGO, X.C. op. cit. p. 344
- 23 RC de Vigo. Contraste co que di Cerqueira.